D E P U T A C I Ó N P R O V I N C I A L

A C O R U Ñ A

Acta da sesión plenaria ordinaria

celebrada o día 13 de setembro de 2019

Deputación DA CORUÑA

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 13/09/2019, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

*Declaración de apoio da Deputación da Coruña ás traballadoras e traballadores das empresas auxiliares de R Cable.

*Declaración de apoio á campaña #emerxenciafeminista e da acción prevista para o 20 de setembro.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2019 de 23 de xullo

2. Dación da conta das resolucións da Presidencia desde o 28 de maio de 2019 ata o 6 de setembro de 2019

3. Dación de conta da resolución da Presidencia sobre nomeamento de presidentes das Comisións Informativas Permanentes

4. Dación da conta da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás comisión informativas

5. Dación de conta da designación de voceiro/a titular e voceiros/as suplentes do Grupo Provincial Popular

6. Proposición sobre designación de membro do Padroado da Fundación Galicia Obra Social

7. Proposición sobre nomeamento de representantes da Deputación no Instituto Feiral da Coruña

8. Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don Agustín Hernández Fernández de Rojas

Comisión de Benestar Social e Educación

9. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2019: accións informativas e formativas.

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

10. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Real Academia Galega para financiar a Programación do ano 2019 e aprobación do correspondente convenio de colaboración

11. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto "A liña do galego no ano 2019" e aprobación do correspondente convenio de colaboración

12. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Auditorio de Galicia para financiar a Programación anual 2019 e aprobación do correspondente convenio de colaboración

Comisión de Deporte e Mocidade

13. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento da obra de substitución de céspede artificial no campo fútbol de Gallamonde no Concello de Miño

14. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da obra de rexeneración do campo de fútbol de céspede artificial do recinto deportivo municipal de Bertamiráns.

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

15. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Malpica de Bergantiños para financiar o proxecto "XXXVI Mostra da Olería de Buño 2019"

16. Aprobación da concesión de subvención nominativa á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) para o cofinanciamento do proxecto Programa de "Intermediación Laboral 2018"

17. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Camariñas para financiar o proxecto "XXIX Mostra do Encaixe de Camariñas 2019"

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Artístico e Cultural

18. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Construción dúas pistas de tenis en Aldea Nova," do Concello de Ames, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 18.2100.0004.0

19. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reposición da depuradora en Pontenafonso", do Concello de Noia, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 2015.2100.0128.0, e aprobación definitiva da obra

20. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pavimentación en O Valiño," do Concello de Oleiros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 18.2000.0237.0

21. Aprobación do proxecto modificado da obra "Mellora do acceso ao CEP Salustiano Rey Eiras" do Concello da Pobra do Caramiñal, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015 (código 15.3110.0327.0)

22. Aprobación do proxecto modificado da obra "Instalacións, remate e urbanización exterior do centro social multiusos de Carreira" do Concello de Riveira, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, 4ª e derradeira fase (código 2015.3110.0341.0)

23. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Posta en valor do entorno residencial (Camiño Inglés) e do acceso ao conxunto parroquial de Santo André da Barciela no

lugar de Sigüeiro" do Concello de Santiago de Compostela, incluída na segunda e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2018 co código 18.2001.0776.0 e aprobación definitiva desta obra

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

24. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Reforma Interior e Mellora da Accesibillidade do Centro Social de Vizús (antiga Escola Unitaria de Centroña).

25. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de remodelación da Praza Europa (Fase I)

26. Aprobación dun Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "de ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do Campo da Feira"

27. Aprobación da formalización e o texto dunha addenda ao Convenio número 39/2018 subscrito entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña espectáculos (IMCE) do concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón

28. Ratificación da Resolución da Presidencia núm. 26008 de 29 de xullo de 2019 pola que se aproba a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña.

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

29. Modificado nº 1 DP 2502 Valdoviño a Cerdido, PQ 3+000 ao 5+600 (Valdoviño) actualización do proxecto de ampliación e mellora do trazado

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

30. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de maio de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de maio de 2019.

31. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xuño de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de xuño de 2019.

32. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xullo de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xullo de 2019.

33. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a maio de 2019 e proxección a 31/12/2019.

34. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2019 e proxección a 31/12/2019.

35. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xullo de 2019 e proxección a 31/12/2019.

36. Aprobación da toma de coñecemento da información rendida ao ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro. Execución segundo trimestre exercicio 2019 na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, e do estado consolidado.

37. Aprobación da toma de coñecemento da información rendida ao ministerio de facenda en cumprimento do disposto na lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para o seguimento do plan económico-financeiro 2018-2019, correspondente ao segundo trimestre de 2019.

38. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2019, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

39. Aprobación da toma de coñecemento da aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2018 da Deputación Provincial da Coruña, integrada pola propia da Deputación Provincial da Coruña, a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e as Contas Anuais da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña.

40. Dación de conta da Resolución da Presidencia número 26864 do 07/08/2019 pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2020.

41. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 3/2019 de aprobación polo Pleno.

42. Aprobar a modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial do exercicio 2019.

43. Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza Nº 12 reguladora do prezo público por servizos na residencia de estudantes do IES Calvo Sotelo

44. Aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Cedeira

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

Moción do Grupo Provincial Popular relativa á central térmica das Pontes

Moción do Grupo Provincial Socialista sobre medidas en relación cos danos provocados polo xabaril

Moción do Grupo Provincial do BNG e do Grupo Provincial Socialista de apoio ás traballadoras e traballadores das empresas auxiliares de R Cable

Moción do Grupo Provincial do BNG e do Grupo Provincial Socialista de apoio á campaña EmerxenciaFeminista e da acción prevista para o 20 de setembro

Moción do Grupo provincial Marea Atlántica sobre a elevada taxa de sinistralidade laboral na provincia da Coruña.

Moción que presentan os Grupos provinciais do PSdG-PSOE e do BNG sobre medidas a adoptar pola Unión Europea, o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia en relación coas centrais térmicas das Pontes e Cerceda

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 13 de setembro de 2019.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 13de setembro de /2019, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: Xosé Regueira Varela

Deputados/as

Asistentes:

Martina Aneiros Barros	PP
Evaristo Ben Otero	PP
José Carlos Calvelo Martínez	PP
Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Germán Castrillón Permuy	PP
María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Manuel María Durán Guillán	PP
Jose Luis Fernández Mouriño	PP
Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Rosa Mª Gallego Neira	PP
Dalia García Couso	PP
José Blas García Piñeiro	PSOE
Ángel García Seoane	AVV
José Pablo González Cacheiro	PP
Sandra González Castro	PSOE
José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Ana Lamas Villar	PSOE
Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Alberto Lema Suárez	MA
María Beatriz Molinos Vidal	PP
José Muiño Domínguez	PP
María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Xosé Luis Penas Corral	BNG
José Manuel Pequeño Castro	PSOE
José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Roberto Rodríguez Martínez	PP

Escúsanse o Sr. Fernández Angueira e o Sr. Hernández Fernández de Rojas.

Actúa como secretaria, dona M.ª Amparo C. Taboada Gil, oficial maior da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, a Sra. Secretaria le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

*** Declaración de apoio da Deputación da Coruña ás traballadoras e traballadores das empresas auxiliares de R Cable**

Recentemente, Euskaltel acordou entregar á empresa chinesa ZTE os servizos de operación e mantemento da rede que en Galiza até agora prestaban compañías como Comfica, Colabora, Indra, Plexus,... Porén, á diferenza doutros cambios anteriores, desta volta o persoal non será subrogado á nova adxudicataria nin se producirán contratacións na nosa terra, xa que estes servizos van ser deslocalizados ao centro de traballo que ZTE acaba de abrir en Asturias. Pero ademais, hai persoal da propia ZTE, a quen R externalizou previamente nesta subcontrata, que tamén está en risco de perder o seu emprego.

A consecuencia máis inmediata da decisión foi a comunicación da perda de 18 postos de traballo que neste momento están a realizar os/as traballadores/as de Comfica, a quen a compañía se nega a recolocar, e o anuncio de Indra de que reducirá persoal nos servizos que presta para R. Mais a perda de emprego afecta tamén a outros servizos como enxeñería e desenvolvemento ou atención telefónica (prestados por persoal de Indra, Teleperformance, GSS, Gestión C), que aos poucos Euskaltel está a levar fóra da Galiza.

As declaracións do conselleiro delegado de Euskaltel, José Miguel García, asegurando que continuará neste camiño de "reestruturación" afondan nos temores dos traballadores e das traballadoras que, diante desta situación, acordaron iniciar mobilizacións para esixir o mantemento do emprego en Galiza, con dúas folgas, os dias 24 e 31 de xullo .

As traballadoras e traballadores de R demandan das administracións públicas (nomeadamente da Xunta de Galiza, Concello da Coruña e Deputación Provincial de A Coruña) que tomen a iniciativa para evitar que se consume esta nova desfeita laboral nunha empresa de telecomunicacións. Hai que lembrar que as grandes compañías están nun proceso de desmantelamento das súas estruturas territoriais (especialmente grave no caso de R Cable, ao ser en orixe unha empresa galega) para concentrar o emprego fóra de Galiza. Deste xeito non só se eliminan os postos de traballo senón que toda a contratación nova que se fai, prodúcese noutras comunidades.

Tamén se demanda das administracións públicas que forcen a R e a Euskaltel, que desoen as peticións de xuntanza coas Representacións legais das traballadoras e traballadores e das organizacións sindicais, a sentárense coas traballadoras e traballadores afectados, dean explicacións e propoñan solucións a este conflito.

Por todo o exposto os grupos provinciais solicitan ao pleno da Deputación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Expresar o apoio do Pleno da Deputación de A Coruña ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores das empresas auxiliares que prestan servizos de operación e mantemento de rede e atención ao cliente de R Cable, para que estes servizos continúen a ser prestados desde territorio galego, garantindo ademais que a atención ao cliente se siga dando en galego.

2. Dirixirse a R Cable e Euskaltel para que se inicien un proceso de negociación coas traballadoras e traballadores que permita acadar unha solución.

*** Declaración de apoio á campaña #emerxenciafeminista e da acción prevista para o 20 de setembro**

Exposición de motivos

O verán de 2019 vai ser recordado como un verán negro. No pasado mes de xullo asasinaron unha muller cada dous días. Aos asasinatos temos de sumarlle unha longa listaxe de acontecementos, tamén recentes, que non son algo excepcional. Todo isto obríganos a facer unha aposta por achegar máis medidas que axuden a unha transformación social urxente, que debiliten a cultura patriarcal que violenta e asasina a moitas mulleres

Son moitos os sinais de alerta, lembremos, por exemplo, o caso de novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados pola presión social, denuncias de agresións sexistas e verbais nas festas e festivais, acosos e agresións en manada, puntos de encontro con condicións e

horarios inadecuados, cando non pechados no mes de agosto, temas de trata ou casos de pederastia fan que o a situación que estamos a vivir sexa, xa non de alerta, senón de #EmerxenciaFeminista

Non podemos seguir normalizando a situación, son moitos os sinais de que vivimos unha situación insoportábel e por isto desde as institucións públicas debemos actuar corrixindo o que non funciona, incrementando actuacións e sobre todo coordinando medidas, recursos e accións tantos con outras administracións como cos colectivos e entidades que levan anos traballando por desterrar comportamentos machistas da sociedade. Este traballo non pode parar en ningún momento, non pode ser simbólico nin puntual

Por todo isto, propoñemos a adopción dos seguintes acordos dirixidos ás institucións que de seguido pasamos a expor,

Deputación da Coruña

1.- Expresar o apoio da corporación ás mobilizacións que son convocadas polo movemento feminista no noso país.

2.- Compromiso de iluminar de cor violeta a fachada da Deputación da Coruña o día 20 de setembro como mostra de compromiso na loita contra a violencia machista.

3.- Implementar novas medidas nos vindeiros anos así como a poñer en andamento novos programas que impulsen a igualdade de xénero na Coruña e que loiten contra a violencia machista.

Xunta de Galicia:

1.- Solicitar do Goberno Galego un incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no vindeiro exercicio orzamentario, así como a aprobación de partidas económicas para dotar de máis persoal especializado en violencia de xénero os medios que existen e que fagan posíbel unha maior cobertura nunha parte importante do territorio que hoxe carece deses recursos.

Goberno Central:

1.- Demandar do goberno do Estado un incremento das contías económicas destinadas á administración local no Pacto de Estado para os vindeiros exercicios orzamentarios procurando que estes recursos sexan distribuídos tendo en conta as especificidades do territorio ao que van destinadas.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 8/2019 DE 23 DE XULLO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 8/2019, do 23 de xullo

2.- DACIÓN DA CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA DESDE O 28 DE MAIO DE 2019 ATA O 6 DE SETEMBRO DE 2019

O Pleno toma coñecemento das resolucións da Presidencia desde o 28 de maio de 2019 ata o 6 de setembro de 2019

3.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia número 24934, do 24.07.2019, que literalmente di:
Ao abeiro do disposto no artigo 96 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), consonte ao acordo do Pleno sobre o número, denominación e composición das Comisións Informativas,

RESOLVO:

Delegar e nomear Presidentes das Comisións Informativas permanentes aos seguintes deputados:

1. Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior: Don Antonio Leira Piñeiro;
2. Comisión de Benestar Social e Educación: Dona Ana Lamas Villar;
3. Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios: Don José Blas García Piñeiro;
4. Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Artístico e Cultural: Don Xosé Regueira Varela;
5. Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais: Don José Manuel Pequeño Castro;
6. Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística: Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez;
7. Comisión de Deporte e Mocidade: Dona Cristina Capelán Cancelo;
8. Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento: Don Xosé Penas Corral;
9. Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible: Don José Ramón Rioboo Castro.

A inclusión de asuntos fóra da orde do día nas sesións ordinarias das Comisións Informativas Permanentes a iniciativa do presidente da comisión correspondente, requirirá a conformidade previa do Presidente da Deputación, como órgano delegante da presidencia de cada unha das comisións.

A presente resolución producirá efecto desde a data da sinatura da presente Resolución, será notificada de inmediato aos designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Da mesma darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

4.- DACIÓN DE CONTA DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS COA ADSCRICIÓN DOS/AS DEPUTADOS/AS ÁS COMISIÓN INFORMATIVAS

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

A composición das comisións informativas é a seguinte:

Deputación DA CORUÑA

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO[i]	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística 17:00 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: **Xosé Xurxo Couto Rodríguez** Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat	Martina Aneiros Barros José Carlos Calvelo Martínez Antonio Fernández Angueira Agustín Hernández Fdez de Rojas Mª Beatriz Molinos Vidal	Mª Milagros Castro Sánchez Ana Lamas Villar Bernardo Fernández Piñeiro José Manuel Pequeño Castro	**Xosé Xurxo Couto Rodríguez**	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Deporte e Mocidade 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidenta: **Cristina Capelán Cancelo** Secretaria: Manuela Muñiz Souto	Evaristo Ben Otero Germán Castrillón Permuy Manuel Mª Durán Guillán José Pablo González Cacheiro Roberto Rodríguez Martínez	**Cristina Capelán Cancelo** Sandra González Castro Antonio Leira Piñeiro José Ramón Rioboo Castro	Mª del Carmen Muiño Filgueira	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Benestar Social e Educación 17:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: **Ana Lamas Villar** Secretaria: Carolina Buhigas Jack	Martina Aneiros Barros Manuel Mª Durán Guillán Dalia García Couso Mª Beatriz Molinos Vidal Roberto Rodríguez Martínez	Sandra González Castro **Ana Lamas Villar** José Manuel Pequeño Castro José Ramón Rioboo Castro	Mª del Carmen Muiño Filgueira	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

Deputación
DA CORUÑA

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO[i]	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Promoción Económica e Asistencia a Municipios 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidente: **José Blas García Piñeiro** Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	José Carlos Calvelo Martínez Antonio Fernández Angueira José Pablo González Cacheiro Agustín Hernández Fdez de Rojas José Muiño Domínguez	Cristina Capelán Cancelo Mª Milagros Castro Sánchez **José Blas García Piñeiro** José Manuel Lage Tuñas	Xosé Luis Penas Corral	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais 17:00 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: **José Manuel Pequeño Castro** Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Manuel Mª Durán Guillán José Luis Fernández Mouriño Dalia García Couso Agustín Hernández Fdez de Rojas Mª Beatriz Molinos Vidal	Mª Milagros Castro Sánchez Ana Lamas Villar **José Manuel Pequeño Castro** José Ramón Rioboo Castro	Xosé Xurxo Couto Rodríguez	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: **Xosé Luis Penas Corral** Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Martina Aneiros Barros José Carlos Calvelo Martínez Antonio Fernández Angueira José Pablo González Cacheiro José Muiño Domínguez	Cristina Capelán Cancelo Sandra González Castro José Manuel Lage Tuñas Antonio Leira Piñeiro	**Xosé Luis Penas Corral**	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

Deputación DA CORUÑA

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO[i]	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural 17:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: **Xosé Regueira Varela** Secretaria: Susana Rouco Penabad	Evaristo Ben Otero José Carlos Calvelo Martínez Antonio Fernández Angueira José Pablo González Cacheiro Agustín Hernández Fdez de Rojas	Cristina Capelán Cancelo Mª Milagros Castro Sánchez José Blas García Piñeiro José Manuel Pequeño Castro	**Xosé Regueira Varela**	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior 17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: **Antonio Leira Piñeiro** Secretaria: Mª José Vázquez Sesmonde	Martina Aneiros Barros Rosa María Gallego Neira Dalia García Couso José Muiño Domínguez Roberto Rodríguez Martínez	Bernardo Fernández Piñeiro Sandra González Castro José Manuel Lage Tuñas **Antonio Leira Piñeiro**	Xosé Luis Penas Corral	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible 17:00 h venres Semana anterior ao Pleno	Presidente: **José Ramón Rioboo Castro** Secretario: Manuel Vázquez Sesmonde	Manuel Mª Durán Guillán Dalia García Couso Mª Beatriz Molinos Vidal José Muiño Domínguez Roberto Rodríguez Martínez	Bernardo Fernández Piñeiro José Blas García Piñeiro Ana Lamas Villar **José Ramón Rioboo Castro**	Xosé Xurxo Couto Rodríguez	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

i RP 2019/24934 e RP 2019/25605, nomeamento presidentes e secretarios Comisións Informativas

5.- DACIÓN DE CONTA DA DESIGNACIÓN DE VOCEIRO/A TITULAR E VOCEIROS/AS SUPLENTES DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR

O Presidente dá conta da comunicación do Grupo Popular do seguinte teor:

"Os/as deputados/as provinciais polo Patido Popular, para dar cumprimento ao disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL), no artigo 75.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGa) e no artigo 23 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 24 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), comunicaron á Presidencia desta Corporación a súa constitución como grupo político provincial coa denominación Grupo Provincial Popular e acordaron nomear en calidade de voceiro e voceiro suplente aos seguintes membros:

Voceiro do Grupo: Rosa María Gallego Neira

Voceiro suplente: Evaristo Ben Otero"

6.- PROPOSICIÓN SOBRE DESIGNACIÓN DE MEMBRO DO PADROADO DA FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL

Apróbase, por unanimidade, a inclusión do asunto na orde do día.

O Pleno vista a seguinte proposición da Presidencia:

A Conselleira de Facenda da Xunta de Galicia dirixiuse a esta Deputación informando que foron inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (sección de Consellería de Facenda) os novos Estatutos da Fundación Galicia Obra Social, herdeira da obra social das antigas caixas de aforro galegas e que quedou baixo o protectorado desa Consellería. Prega, asemade, que a Deputación da Coruña designe un membro do padroado da devandita fundación, consonte coas previsións dos seus estatutos.

En consecuencia, visto o artigo 13 dos Estatutos da Fundación Galicia Obra Social que sinala as prohibicións para formar parte do padroado e o artigo 14.1 que determina os requisitos positivos que deben concorrer nas persoas físicas designadas e entendendo que don Ramón Sestayo Lestón ten acreditados coñecementos e experiencia suficientes nas materias que son obxecto da actividade da Fundación sen que estea incurso en ningunha das prohibicións previstas nos Estatutos e que, polo tanto, resulta ser persoa idónea para formar parte do padroado,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Designar a don Ramón Sestayo Lestón como membro do padroado da Fundación Galicia Obra Social, consonte a facultade atribuída a esta Deputación Provincial da Coruña polo artigo 14.1 dos Estatutos da devandita Fundación"

O Pleno acorda por unanimidade:

"Designar a don Ramón Sestayo Lestón como membro do padroado da Fundación Galicia Obra Social, consonte a facultade atribuída a esta Deputación Provincial da Coruña polo artigo 14.1 dos Estatutos da devandita Fundación"

7.- PROPOSICIÓN SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN NO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA

Apróbase, por unanimidade, a inclusión do asunto na orde do día.

O Pleno vista a seguinte proposición da Presidencia:

"Visto que o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxi-me Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novem-bro (ROF), atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao Presidente pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, art. 34.1.b) e das delegacións específicas da Presidencia que circunstancialmente puideran facerse,

Resultando que no acordo plenario do 23 de xullo do 2019 foron nomeados os deputados don José Manuel Lage Tuñas e don Antonio Leira Piñeiro como representantes da corporación provincial no Instituto Feiral da Coruña (IFECO) e que agora cómpre, consonte aos requirimentos do propio IFECO e acordos anteriores desta Deputación, precisar o ámbito da representación conferida,

En consecuencia,

PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Propoñer para formar parte no Consello de Dirección do Instituto Feiral da Coruña en representación da Deputación Provincial da Coruña a don Antonio Leira Piñeiro e como representantes no Padroado do citado organismo a don Antonio Leira Piñeiro e a don José Manuel Lage Tuñas"

Os deputados designados informarán sobre o funcionamento dos órganos nos que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo dos mesmos, sempre que sexan requirido polo Pleno, polo Presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico".

O Pleno, acorda por unanimidade:

"Propoñer para formar parte no Consello de Dirección do Instituto Feiral da Coruña en representación da Deputación Provincial da Coruña a don Antonio Leira Piñeiro e como representantes no Padroado do citado organismo a don Antonio Leira Piñeiro e a don José Manuel Lage Tuñas"

Os deputados designados informarán sobre o funcionamento dos órganos nos que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo dos mesmos, sempre que sexan requirido polo Pleno, polo Presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico".

8.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA DO DEPUTADO DON AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS

INTERVENCIÓNS

Sr. Vicepresidente

En nome da Corporación, gustaríame, xa que non está presente, agradecerlle a Agustín Hernández os servizos prestados durante estes anos a esta Corporación, e desexarlle a mellor das sortes no novo posto que vai desempeñar, e que sexa bo para el e bo para Galicia.

Sra. Gallego Neira

Bos días a todos e a todas, e moitas grazas polas súas palabras. Evidentemente, agradecelas porque fala en nome da Corporación, como vicepresidente, e presidente en funcións hoxe, e destacar o labor de Agustín durante todos estes anos con total dedicación e con total honestidade no seu traballo, e desexarlle toda a sorte do mundo.

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a inclusión do asunto na orde do día.

O Pleno vista a segunite proposición da Presidencia:

"Presentada por escrito de data 2 de setembro de 2019, con entrada no rexistro o día 5 de setembro de 2019, a renuncia á súa condición de deputado provincial por don Agustín Hernández Fernández de Rojas, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 56.3 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don Agustín Hernández Fernández de Rojas.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Manuel Taboada Vigo, primeiro suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Santiago de Compostela nas eleccións locais de 2019, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don Agustín Hernández Fernández de Rojas.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Manuel Taboada Vigo, primeiro

suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Santiago de Compostela nas eleccións locais de 2019, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela."

9.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA MOCIDADE DESEMPREGADA NO ANO 2019: ACCIÓNS INFORMATIVAS E FORMATIVAS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **17.000,00 €**, á Fundación Paideia Galiza para cofinanciar o *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2019: accións informativas e formativas,* cun orzamento subvencionado de 24.285 €, de acordo co texto do convenio que se achega.
2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de maio de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento".

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2019: accións informativas e formativas.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación da Fundación Paideia Galiza

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

2.- Segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da

economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas
as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Fundación Paideia Galiza,** con CIF G15798655, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2019: accións informativas e formativas.*

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Paideia Galiza levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	**IMPORTE**	
Gastos de persoal (nóminas e seguridade social)		18.700,00 €
Persoal técnico e administrativo	17.700,00 €	
Persoal xestión publicidade e difusión	1.000,00 €	
Material difusión (memorias USB, cadernos/blocs,..)		2.200,00 €
Gastos da actividade (desprazamentos)		600,00 €
Gastos xerais:		2.785,00 €
Suministros (auga e electricidade)	700,00 €	
Teléfono e internet:	600,00 €	
Material oficina e informático:	785,00 €	
Limpeza:	700,00 €	
TOTAL		**24.285,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 70%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **70 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Paideia Galiza obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Fundación Paideia Galiza, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demáis documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa

Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2019**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

10.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA A REAL ACADEMIA GALEGA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN DO ANO 2019 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN

INTERVENCIÓNS

Sr. Lema Suárez

De igual xeito que fixen na Comisión, anuncio a miña abstención motivada polo feito de que son traballador en excedencia da Real Academia Galega.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (12 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"1.- Aprobar o convenio coa Real Academia Galega, correspondente á subvención nominativa, por importe de 60.000 €, concedida para financiar a Programación do ano 2019, cun orzamento subvencionado de 75.000 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de xullo de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2020 autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar a *Programación do ano 2019.*

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudio da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

2.- De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.

b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.

c) Velar polos dereitos do idioma galego.

d) Defender e promover o idioma galego.

e) Asesorar aos poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.

f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.

g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o día das letras galegas.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega,** con CIF: Q1568003F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programación do ano 2019,* que se indica deseguido:

Actividade 1: XXXII Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia.

Actividade 2: Estudo sociolingüístico. Finalización do proxecto "Prácticas lingüísticas na infancia nos diferentes contextos de socialización"

Actividade 3: Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Sinalarium.

Actividade 4: Primavera das Letras.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividade 1: XXXII Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia.

52 Bolsas de estudos: 48 x 350 € + 4 x 500 €	18.800,00
8 Conferenciantes: 8 x 150 €	1.200,00
6 Docentes de nivel superior: 4 x 450 € + 4 x 600 €	3.300,00
2 Docentes de nivel medio: 2 x 900 €	1.800,00
2 Docentes de nivel elemental: 2 x 900 €	1.800,00
4 Docentes de prácticas de nivel elemental e medio: 4 x 650 €	2.600,00
Actividades culturais pendentes de determinar	650,00
Excursións	1.500,00
Gastos de locomoción dos colaboradores	400,00
Persoal de administración	1.500,00
Gastos de papelería	300,00
Total actividade 1:	*33.850 €*

Actividade 2: Estudo sociolingüístico. Finalización do proxecto "Prácticas lingüísticas na infancia nos diferentes contextos de socialización"

Persoal de investigación	9.400,00
Asesoramento de expertos	300,00
Difusión dos resultados e desprazamentos	300,00
Total actividade 2:	*10.000 €*

Actividade 3: Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Sinalarium

Persoal para actividades didácticas, expositivas, difusoras, dinamización e xestión	6.120,00
Total actividade 3:	*6.120 €*

Actividade 4: Primavera das Letras.

Fichas didácticas	9.559,00
Material didáctico interactivo	5.082,00
Organización e dinamización do certame 'Cóntanos o voso Día das Letras'	3.630,00
Total actividade 4:	*18.271 €*

Gastos Indirectos	*6.759 €*
Total gastos:	**75.000 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €,** o que representa unha porcentaxe do 80,00 %**.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2019.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real

Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada pola Real Academia Galega na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as dispoisicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---
E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

11.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR O PROXECTO "A LIÑA DO GALEGO NO ANO 2019" E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 27.000 €, a Mesa pola Normalización Lingüística para financiar o proxecto A liña do galego no ano 2019, cun orzamento subvencionado de 33.750 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de agosto de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (A MESA) CIF G15154610 PARA FINANCIAR A LIÑA DO GALEGO NO ANO 2019

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna._____en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____en nome e representación de Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

A Mesa pola Normalización Lingüística é unha asociación que ten unha historia de vinte anos traballando a favor dos dereitos lingüísticos da sociedade galega. Esta experiencia xunto coas moitas queixas e consultas que sobre este tema recibiron, crea o servizo a Liña do Galego en 2007.

"A liña do galego" trata cuestións vinculadas coa normalización lingüística, pensadas para recadar queixas e dar solución a problemas formulados co recoñecemento legal dos dereitos sempre de forma nomeada e nunca anónima, con garantía de confidencialidade das persoas que usen este proxecto.

Dispón dun número de teléfono, dun correo electrónico e dunha aplicación para dar servizo a todas as persoas que queiran canalizar algunha reclamación, consulta ou felicitación relacionada co uso do idioma. Servizo gratuíto.

Atende consultas sobre dúbidas relacionadas cos dereitos lingüísticos da comunidade galego falante.

Transmite parabéns a establecementos, entidades e empresas que atenden en galego e apostan polo galego en toda a súa actividade.

A App a liña do galego é unha ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego, creada para teléfonos móbiles que permite o envío de queixas e parabéns dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda para os seus usuarios.
A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.
Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Mesa pola Normalización Lingüística, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a MESA pola Normalización Lingüística CIF G15154610, para financiar o A Liña do galego 2019 (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) servizo gratuíto que por vía telefónica ou por correo electrónico desde o ano 2007, ofrece a toda a poboación a App a liña do galego, ferramenta para avanzar no dereito a vivir en galego dunha forma sinxela, rápida, segura e cómoda, tramita consultas, queixas e parabéns en temas relacionados cos dereitos lingüísticos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Mesa pola Normalización Lingüística levará a cabo as actividades programadas consonte co seguinte orzamento:

Ingresos previstos

A Mesa pola Normalización Lingüística	Achega con fondos propios procedentes das cotas de socias e socios.	6.750,00€
Deputación da Coruña		27.000,00€
TOTAL		33.750,00€

Gastos previstos

App A Liña do Galego	Renovación e actualización da App para móbiles e tabletas Android e Apple	401,50 €
Persoal	Nóminas correspondentes a un ano de dúas persoas para atención, xestións, administración e elaboración do informe anual da Liña do Galego	28.746,79 €
Deseño	Deseño do informe da Liña do Galego	350,00 €
Copias e impresións	Copias dos formularios empregados na xestión e impresión do informe anual en fotocopiadora de renting	4.251,71 €
TOTAL		33.750,00 €

Cantidade total orzada: 33.750,00 €
Axuda solicitada á Deputación da Coruña: 27.000,00 €
Coeficiente de financiamento: 80%

A Mesa pola Normalización Lingüística declara que, segundo as contas presentadas, dispón dos recursos suficientes para asumir a parte do orzamento da actividade non financiada por esta deputación.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **27.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade

efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0111/334.4/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Mesa pola Normalización Lingüística obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á MESA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á MESA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a MESA deberá solicitar polo menos tres orzamento a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a MESA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de A MESA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada A MESA unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de A MESA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2019,** como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, a MESA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **1 de marzo de 2020**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a A MESA para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a A MESA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por A MESA na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a MESA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Mesa deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A MESA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a MESA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, A MESA poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a MESA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da MESA serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á MESA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2019.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita

xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

12.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO AUDITORIO DE GALICIA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN ANUAL 2019 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 200.000,00 €, ao Auditorio de Galicia, para cofinanciar o Programación anual 2019, cun orzamento subvencionado de 256.846,50 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de xullo de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2020 autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar a *Programación anual 2019.*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ……., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ……., en representación do Auditorio de Galicia

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecientos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, de data 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, o Auditorio de Galicia é o órgano xestor da actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- Tal e como recolle o art. 2 dos seus Estatutos, o Auditorio de Galicia debe elaborar, deseñar e executar os programas de actividades culturais no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, polo que a Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

4.- O Auditorio de Galicia desenvolve ao longo do ano unha programación de concertos, actividades didácticas e exposicións, cunha difusión moi superior á do termo municipal de Santiago de Compostela.

5.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que ven desempeñando o Auditorio da Galicia e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura crédito destinado a financiar a súa programación.

6.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización da *Programación anual 2019,* a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan suscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Auditorio de Galicia**, con CIF: Q1500340C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Programación anual 2019***, que se indica deseguido:

* Música clásica: programación deseñado por Paul Daniel baixo o título “Arquipélago de sons”, incluirá 24 concertos.

* Programa de piano “Ángel Brage”: concertos de Nicholas Angelich e Wayne Marshall coa RFG e recital de Javier Perianes.

* Ciclo de Lied: no mes de setembro, en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago.

* Xornadas de música contemporánea: este ano centraranse nos compositores e intérpretes da diáspora.

* Gala aRi(t)mar: a singularidade deste proxecto atópase na vontade pedagóxica e na busca de puntos de encontro das realidades lusófonas, entendendo a nosa comunidade de fala como integrante desta diversa rede de comunidades falantes polo mundo.

* Festival WOS: destaca por ser unha proposta vangardista única no país con actividades nos espazos escénicos de titularidade pública; música, artes visuais, cine, artes escénicas, coloquios, conferencias e gastronomía conflúen en diversos espazos emblemáticos da cidade.

* Semana do patrimonio invisible: xornadas sobre difusión do patrimonio e recuperación do patrimonio invisibilizado e, como elemento nuclear contará con visitas a lugares patrimoniais que normalmente están pechados e non se poden visitar.

* Xornadas de ilustración urbana: incluídas no programa Compostela Ilustrada, estas xornadas desenvólvense como un elemento nuclear para a divulgación da arte do debuxo e da banda deseñada.

* Artes visuais (Zona C): consolídase como o único espazo provincial dedicado exclusivamente a promover a creación de vangarda.

* Artes escénicas e de movemento: neste ano iníciase unha programación específica dirixida a públicos infantís e familiares, coa posta en marcha do CLUB C! que programa actividades paralelas para crear contexto e formar públicos.

* Gala 30 aniversario do Auditorio de Galicia.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Programa de abono		
Deseño e maquetación do programa	3.500,00.-	
Impresión programas	5.000,00.-	
Impresión programas de man	8.000,00.-	
Sumnistro de augas para concertos	500,00.-	
Dereitos de autor	200,00.-	
Envíos postais	1.000,00.-	
Reparto cartelería	200,00.-	
Impresión mupis	200,00.-	
Subtotal		***18.600,00.-***
Ciclo piano A. Brage		
Honorarios pianistas	7.000,00.-	
Dereitos de autor	200,00.-	
Subtotal		***7.200,00.-***
Ciclo de lied		
Honorarios artistas	21.000,00.-	
Deseño de materias	1.500,00.-	
Impresión cartel e programa	1.500,00.-	
Dereitos de autor	1.000,00.-	
Afinacións	700,00.-	
Subtotal		***25.700,00.-***
Xornadas Música Contemporánea		
Honorarios artistas	20.000,00.-	
Deseño de material	1.500,00.-	
Impresións	1.500,00.-	
Dereitos de autor	1.000,00.-	

Afinacións		300,00.-	
Aluguer material técnico		1.000,00.-	
	Subtotal		***25.300,00.-***
Gala Ari[t]mar			
Contratación artística		5.000,00.-	
Aluguer de material		2.000,00.-	
Coordinación e producion da Gala		5.000,00.-	
Servizos profesionais		1.000,00.-	
	Subtotal		***13.000,00.-***
Festival WOS			
Contratacións artisticas		30.000,00.-	
	Subtotal		***30.000,00.-***
Semana do Patrimonio Invisible			
Servicios técnicos		18.000,00.-	
	Subtotal		***18.000,00.-***
Xornadas de Ilustración Urbana			
Coordinación e deseño do programa		2.990,00.-	
Contración de ponentes		10.800,00.-	
Impresión de material gráfico		1.210,00.-	
	Subtotal		***15.000,00.-***
Exposicións Zona C			
Honorarios Brais Rodríguez		5.000,00.-	
Honorarios Alejandra Pombo		5.000,00.-	
Honorarios Roi Fernández		8.000,00.-	
Servizo atención públicos		3.000,00.-	
	Subtotal		***21.000,00.-***
Didácticos audiovisuais			
Coordinación e implementación de talleres		6.000,00.-	
	Subtotal		***6.000,00.-***
Artes escénicas e do movemento			
CLUB C!		10.000,00.-	
Donde el bosque se espesa		12.342,00.-	
Ulises		4.731,10.-	
Dancing with frogs		13.005,00.-	
Distans		2.468,40.-	
Atención público, billeteira e técnico		12.000,00.-	
Dereitos de autor		1.500,00.-	
	Subtotal		***56.046,50.-***
Gala 30 aniversario Auditorio de Galicia			
Honorarios artistas		15.000,00.-	
Aluguer material técnico		3.000,00.-	
Diseño e impresión materiais		3.000,00.-	
	Subtotal		***21.000,00.-***
	Total		***256.846,50 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **200.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **77,87 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,87 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demáis documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao audotorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financieira indicada polo Auditorio de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Auditorio de Galicia terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contábles que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financieiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o

momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos deteritos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Auditorio de Galicia, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO FÚTBOL DE GALLAMONDE NO CONCELLO DE MIÑO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **204.783,21 €**, ao Concello de Miño, para financiar a *obra de substitución de céspede artificial no campo fútbol de Miño,* cun orzamento subvencionado de 204.783,21 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Exceptuar para o presente convenio a limitación establecida nas Bases de Execución do Orzamento para as subvencións nominativas, de superar o 80% do custo do proxecto subencionado, xa que a achega da Deputación supón unha porcentaxe do 100% do orzamento de gastos.

Coa motivación incorporada nos párrafos anteriores levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Diputación no seu informe de 3 de xuño de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento".

"Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Miño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento da obra de substitución de céspede artificial no campo fútbol de Gallamonde no Concello de Miño

Na Coruña, o

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a –---------- en representación do Concello de Miño.

Os comparecentes interveñen en uso das facultade que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuidas.

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no art. 118 inclúe como competencia das deputacións "rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial, os seguintes:...d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte."

A Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no art. 36.1.d) establece como competencias propias das deputacións "A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".

O art. 12 da Lei 11/1997, Xeral do deporte de Galicia, establece que corresponde ás Deputacións provinciais no ámbito do seu territorio, fomentar promover e difundir a actividade deportiva, facilitando ao máximo a realización de actividades deportivas.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar na promoción da práctica deportiva nos concellos da súa provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Miño coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de cooperación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

1.- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Miño**

(CIF:P1504900J) fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da ***obra de substitución de céspede artificial no campo fútbol de*** **Gallamonde no Concello de *Miño***, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P. (Santiago Gonzalez Garcia, Miguel Porras Gestido, Paula Costoya Carro e Mónica María Fernández Garrido)

2.- O Concello de Miño, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- Orzamento de execución das obras.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	142.220,43€
Gastos xerais 13,00%:	18.488,66 €
Beneficio Industrial 6,00 %	8.533,23 €
21,00% I.V.E:	35.540,89 €
Orzamento de licitación	**204.783,21 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou achegen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **204.783,21** euros o que representa unha porcentaxe do **100,00%**.

2.- No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará a cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/342/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución .

1.- Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Miño o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Miño axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación **e non poderá recoller o concepto de "melloras".**

4.- No caso de que o Concello de Miño tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Durante a execución **das obras e ata o seu remate e recepción, o** Concello de Miño **estará obrigado a colocar un** cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros **no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.**

2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.- Asemade, o Concello de Miño deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 40% da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Miño polo importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- ✓ Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

- ✓ Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- ✓ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- ✓ Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- ✓ Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2.- Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 60% restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- ✓ Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.

- ✓ Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

- ✓ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- ✓ Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- ✓ Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

- ✓ Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.

- ✓ Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Miño terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- Termo para o remate das obras e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar rematadas e presentada a documentación xustificativa indicada, na cláusula sexta, no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Miño para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Miño da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de **Miño** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Miño destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Miño poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Miño queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4.- Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o ingreso na conta do Concello de Miño e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Miño serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Miño será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 3**1 de outubro de 2020.**

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2.- Para o caso de que o Concello de Miño non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de setembro de 2020**, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento".

14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA OBRA DE REXENERACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DO RECINTO DEPORTIVO MUNICIPAL DE BERTAMIRÁNS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **285.906,54 €**, ao Concello de Ames, para financiar a *obra de* rexeneración do campo de fútbol de céspede artificial do recinto deportivo municipal de Bertamiráns*,* cun orzamento subvencionado de **357.383,18** €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no párrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Diputación no seu informe de 3 de xuño de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento".

"Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *obra de* rexeneración do campo de fútbol de céspede artificial do recinto deportivo municipal de Bertamiráns.

Na Coruña, o

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a –---------- en representación do Concello de **Ames**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuidas.

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no art. 118 inclúe como competencia das deputacións "rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial, os seguintes:...d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte."

A Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no art. 36.1.d) establece como competencias propias das deputacións "A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".

O art. 12 da Lei 11/1997, Xeral do deporte de Galicia, establece que corresponde ás Deputacións provinciais no ámbito do seu territorio, fomentar promover e difundir a actividade deportiva, facilitando ao máximo a realización de actividades deportivas.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar na promoción da práctica deportiva nos concellos da súa provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **Ames** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de cooperación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

1.- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Ames** (CIF:P1500200I) fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o cofinanciamento da ***obra de* rexeneración do campo de fútbol de céspede artificial do recinto deportivo municipal de Bertamiráns**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por CALDERÓN & ASOCIADOS INGENIERÍA SLP (Julio Calderón Carrero -colexiado nº 4986, Álvaro Calderón Carrero -colexiado número 893 e David Meijide Rodríguez -colexiado nº 24.695)

2.- O Concello de **Ames**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- Orzamento de execución das obras.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	248.200,00€
Gastos xerais 13,00%:	32.266,00 €
Beneficio Industrial 6,00 %	14.892 €
21,00% I.V.E:	62.025,18 €
Orzamento de licitación	**357.383,18 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou achegen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **285.906,54€** euros o que representa unha porcentaxe do **80,00%**.

A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos, propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite o Concello que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/342/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo

dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución .

1.- Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Ames o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de **Ames** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación **e non poderá recoller o concepto de "melloras".**

4.- No caso de que o Concello de Ames tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Durante a execución **das obras e ata o seu remate e recepción, o** Concello de **Ames estará obrigado a colocar un** cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros **no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.**

2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.- Asemade, o Concello de **Ames** deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 40% da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de **Ames** pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao

expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- ✓ Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

- ✓ Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- ✓ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- ✓ Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- ✓ Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2.- Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 60% restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- ✓ Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.

- ✓ Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

- ✓ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

- ✓ Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- ✓ Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

- ✓ Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.

- ✓ Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga

será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- Termo para o remate das obras e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar rematadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula sexta, no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.- A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demáis responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de **Ames** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración rsponsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de **Ames** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de **Ames** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ames queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4.- Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o ingreso na conta do Concello de **Ames** e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ames serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ames será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 3**1 de outubro de 2020.** Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2.- Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de setembro de 2020**, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento".

15.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA FINANCIAR O PROXECTO "XXXVI MOSTRA DA OLERÍA DE BUÑO 2019"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente as seguintes razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,

A actividade subvencionada ao Concello da Malpica de Bergantiños, relativa á "XXXVI Mostra da Olería de Buño 2019" pretende mediante este evento a dinamización comercial, tendo en conta que se trata dun acto de exaltación desta artesanía tradicional e tamén de promover a maior actividade de promoción do ámbito xeográfico no que esta inmersa. Contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento socioeconómico da vila oleira, da comarca de Bergantiños e da área xeográfica da Costa da Morte. Xunto coa dinamización comercial, a mostra repercute igualmente nunha promoción económica da vila, xa que vai atraer unha grande afluencia de xente, fomentando a promoción cultural, turística, comercial e socioeconómica do entorno xeográfico da vila de Buño.

Por outra banda segundo a memoria presentada polo concello, to expediente ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, xurde do Concello de Malpica de Bergantiños como evento dinamizador do comercio, fomentando a visita e compra no comercio e, en xeral, na promoción económica da comarca. O fundamento da actuación provincial está na necesidade de apoiar e estimular desde as institucións públicas aquelas actuacións, sexan públicas ou privadas, tendentes a coadxuvar na mellora do territorio, tanto no seu aspecto territorial como no socioeconómico.

Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños con CIF P1504400. A axuda para cofinanciar a "XXXVI Mostra da Olería de Buño 2019" conta cunha achega provincial de 80.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80% con respecto a un orzamento de 100.000,00 €.

4º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "XXXVI Mostra de Oleria de Buño"

Deputación DA CORUÑA

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte , en representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte , en representación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial**.**

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a do **CONCELLO MALPICA DE BERGANTIÑOS**, CIF P1504400A fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "XXXVI Mostra da Olería de Buño", que se celebrará entre os días do 1 ao 4 de agosto de 2019.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	**IMPORTE**
1.-GASTOS DE PERSOAL	**3.000,00 €**
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS: • Aluguer stands/carpas……11.000,00 € • Material gráfico/imprenta……5.000,00 € • Publicidade……..……25.800,00 € • Redes sociais/Coordinación publicitaria…….3.000,00 € • Animacións promocionais……2.000,00 € • Instalacións eléctricas……..3.000,00 € • Montaxe /desmontaxe mostra…….2.000,00 € • Aluguer equipos de son……1.500,00 € • Aluguer escenarios, trust……..3.000,00 € • Sinalización exterior olería……5.000,00 € • Outros acondicionamentos……..3.000,00 €	**97.000,00 €**

• Actividades: eventos, animación, actuacións…...10.500,00 € • Outras actividades paralelas……2.000,00 € • Suministros (madeira, ferretería,…)……1.000,00 € • Decoración (Atrezzo, pezas barro,..)……..3.000,00 € • Seguridade Mostra……4.000,00 € • Aluguer equipos/ tren turístico……2.000,00 € • Servizo de azafatas e monitores obradoiros barro……..…..1.200,00€ • Organización e control mob…….3.000,00 € • Actos protocolarios……1.000,00 € • Outros gastos (día do neno,..)……..5.000,00 €	
TOTAL GASTOS XXXVI MOSTRA OLERÍA DE BUÑO 2019	**100.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4.- O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
5.- Asemade deberá acreditar de forma detallada que non producese coincidencia ou solapamento algún entre os gastos do presente convenio e o de financiamento dos gastos do Forno Forte de Buño.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao aboamento dos

xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o dia 1 de xaneiro ata o 31 de outubro do ano 2019.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MESE antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de outubro do ano 2019**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2020** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 28 de febreiro de 2020**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo

Deputación DA CORUÑA

Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día--- de xullo de E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS "

16.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO PROGRAMA DE "INTERMEDIACIÓN LABORAL 2018"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente as seguintes razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,

- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) a través do proxecto "Programa de Integración Laboral 2018" ten por finalidade principal conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.
- Un dos obxectivos principais que pretende a entidade é: Informar, asesorar, formar e capacitar para o emprego a persoas con discapacidade/incapacidade laboral permanente que estean en situación de desemprego así como aumentar o nivel de autonomía na busca de emprego, o incremento da motivación da persoa usuaria e a elaboración de estratexias máis realistas na procura de emprego.
- Por outra banda o servizo desenvolvido pola entidade Confederación Galega de Persoal con Discapacidade (COGAMI) pretende o desenvolvemento de accións específicas dirixidas a mellorar a empregabilidade e acadar a inserción laboral das persoas con discapacidade.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) CIF G32115941, para financiar o proxecto "Programa de Intermediación Laboral 2018" A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 90.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 23,75 %.

4º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24101/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2019.

5º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto Programa de "Intermediación Laboral 2018".

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

Na Coruña a

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

1. Consideran de gran interese para a provincia a realización do e "Programa de Intermediación Laboral 2018" que ten como obxectivo lograr a promoción e inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.
   .
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), con CIF G322115941, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto Programa de "Intermediación Laboral 2018".".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	**IMPORTE**
Gastos de persoal orientación	307.947,33 €
Gastos persoal complementario (traballadores sociais, técnico xurídico…)	2.044,62 €
Gastos de persoal de coordinación	39.251,69 €
Gastos persoal administrativos	4.247,38 €
Gastos xerais (teléfono, calefacción, material oficinal,	25.465,15 €

desprazamentos…)	
TOTAL	**378.956,17 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **90.000,00** € o que representa unha porcentaxe de **23,75%** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente **o 23,75 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/24101/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2018**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) para que a presente no prazo

improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable e lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2018**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro do ano 2019 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. Para o caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2019**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade

CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)"

17.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA FINANCIAR O PROXECTO "XXIX MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS 2019"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente as seguintes razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

A actividade subvencionada ao Concello da Camariñas "XXIX Mostra do Encaixe de Camariñas", está dentro dun proxecto que o Concello de Camariña está levando acabo dende o ano 1991 e que ten unha singularidade única dende o punto de vista da promoción económica, e ante a dificultade por causa das limitación tanto de distribución e comercialización como da produción e dinamización do colectivo de palillerias para promover o cooperativisomo e da trascendencia para esta industria do encaixe para a economía local. O Concello de Camariñas diseñou un Programa de Desenvolvemento do Encaixe, para que a vila de Camariñas, potencie esta actividade como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

Por outra banda segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, xa descritas anteriormente e que se xuntan ao expediente, contribuirán a manter a posición de Camariñas como destino tanto comercial como turístico de primeira orde.

Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas con CIF P1501600I para financiar as actividades "XXIX Mostra do Encaixe de Camariñas" cunha achega provincial de 120.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 63,15 % con respecto a un orzamento de 190.000,00 €.

4º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto de "XXIX Mostra de Encaixe de Camariñas 2019".

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, en representación do CONCELLO DE CAMARIÑAS

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector do encaixe se converta nunha actividade rendible de futuro. Para isto o Concello de Camariñas deseñou un programa de desenvolvemento do encaixe no dito programas contemplouse as seguinte áreas de intervención: formación, investigación, produción, distribución e comercialización. Todo este proceso repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial**.**

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE CAMARIÑAS**, CIF P1501600I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumido polo concello para o financiamento do proxecto "XXIX Mostra de Encaixe de Camariñas 2019".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Capítulo I: Gastos de persoal	
Custo de persoal Contratado	13.000,00
Capitulo II: Gastos correntes	
Megafonía interior e exterior, iluminación, pantallas, cámaras e operadores	15.000,00
Servizo de modelos e coreografía	14.700,00
Publicidade en diferentes medios	30.000,00
Transportes diversos, bus encaixeras…	1.400,00

Servizo de xenerador, acometidas eléctricas, conmutador…	4.000,00
Servizo de montaxe de instalacións interiores da Mostra do Encaixe	14.800,00
Carpas e xaimas	3.000,00
Servizo de vixiancia	5.500,00
Reportaxe fotográficos e vídeo	5.500,00
Imprenta: rotulación en vinilos, nomes stands…	4.000,00
Servizo de limpeza, montaxe, feira e desmontaxe	5.000,00
Actividades complementarias: stand Xapón, talleres	2.200,00
Varios gastos servizos montaxe: colocación de moqueta feiral, elevador, outros suministro.	17.000,00
Restauración en diferentes facturas: manutención de encaixeras das delegacións dos países invitados, deseñadores das firmas, persoal voluntario; azafatas/os e protección civil durante 5 días.	10.000,00
Subministros de Encaixe para as coleccións dos noveis e grandes deseñadores da Pasarela de moda	9.000,00
Subministros de camisetas persoal voluntario	1.800,00
Servizo de actuacións artísticas	5.100,00
Campamento Naútico Encaixe Azul	2.600,00
Talleres lúdicos e parque infantil	7.000,00
Recreación palilladas	1.000,00
Realización do cartel e vídeo promocional	9.600,00
Servizo de consultaría, análise, deseño e posta en marcha da estratexia de comunicación	4.800,00
Estudo e xestión da pasarela de firmas e encontro de bloggers	2.500,00
Deseño feiral	1.500,00
TOTAL	**190.000,00**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 63,15%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 63,15% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CAMARIÑAS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4.- O CONCELLO DE CAMARIÑAS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que os acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de

pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o **dia 1 de xaneiro ata o 30 de outubro do ano 2019.**

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Camariñas da sanción que de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos

correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de outubro do ano 2019**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2020**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 28 de febreiro de 2020**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CAMARIÑAS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18

de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do Concello de Camariñas

18.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA "CONSTRUCIÓN DÚAS PISTAS DE TENIS EN ALDEA NOVA," DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018 CO CÓDIGO 18.2100.0004.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no Anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2018, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Ames denominada “Construción dúas pistas de tenis en Aldea Nova”, co código 18.2100.0004.0

Logo de presentar o Concello de Ames un proxecto modificado desta obra, con incremento do seu orzamento, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación do proxecto e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal
De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Ames denominada “Construción dúas pistas de tenis en Aldea Nova”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 18.2100.0004.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, cun orzamento de contrata de 79.121,65 €, sendo o importe de contrata do proxecto modificado da obra de 86.992,28€, o que representa un incremento no seu

orzamento respecto do proxecto técnico inicial que é asumido íntegramente polo Concello de Ames, tal e como se indica no seguinte cadro:

	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		INCREMENTO	
	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación
Deputación	79.121,65	65.582,00	79.121,65	65.582,00	0,00	0,00
Concello	0,00	0,00	7.870,63	6.523,77	7.870,63	6.523,77
Total	**79.121,65**	**65.582,00**	**86.992,28**	**72.105,77**	**7.870,63**	**6.523,77**

O aboamento da achega da Deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Comunicarlle ao Concello de Ames a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

19.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO "REPOSICIÓN DA DEPURADORA EN PONTENAFONSO", DO CONCELLO DE NOIA, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015 CO CÓDIGO 2015.2100.0128.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Noia do proxecto modificado do investimento denominado “Reposición da depuradora en Pontenafonso”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, co código 2015.2100.0128.0, no que se acreditan os seguintes
ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 27 de febreiro de 2015, que aprobou o POS 2015 e o seu Plan complementario

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do dito acordo, a aprobación definitiva do seguinte investimento do Concello de Noia quedaba condicionada á realización da condición suspensiva que se indica na seguinte táboa:

			FINANCIAMENTO			
Concello	**Código**	**Denominación**	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento Total**	**Condición pendente**
Noia	2015.2100.0128.0	Reposición da depuradora en Pontenafonso	82.583,87	0,00	82.583,87	-Autorización de Costas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Tendo en conta que este investimento está aínda sen adxudicar

Logo de recibir o Concello de Noia a Resolución do 12 de setembro de 2018 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Servizo de Conservación da Natureza), que autoriza a actuación logo de que a requirimento do 17 de xuño de 2016 da Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, o concello cambiara o

emprazamento inicial da EDAR, que pasa a colocarse ao sur do mirador existente, para non afectar ao hábitat de interese comunitario

Logo de aprobar o Concello de Noia un pr82,oxecto modificado deste investimento, que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial, coa finalidade de realizar o cambio de emprazamento da EDAR, eliminar algunha partida que xa non é necesaria e actualizar os prezos do ano 2014, e constando xa no expediente, segundo informa o arquitecto técnico municipal, todas as autorizacións necesarias para a súa execución (Instituto de Estudos do Territorio, Servizo de Conservación da Natureza, Axencia Galega de infraestruturas, Augas de Galicia e Servizo de Urbanismo)

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 12 de setembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 177, do 17 de setembro de 2014

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reposición da depuradora en Pontenafonso”, do Concello do Noia, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación do 27 de febreiro de 2015, co código 2015.2100.0128.0 e cos datos que se indican a continuación, sen variación do seu orzamento total, que aínda non está adxudicado e que foi aprobado polo concello para dar cumprimento aos condicionantes impostos polo Servizo de Conservación da Natureza, consistentes en cambiar o emprazamento inicialmente previsto para a EDAR, eliminar algunhas partidas que xa non son necesarias e actualizar os prezos do ano 2014:

			FINANCIAMENTO			
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F. propios**	**Concello**	**Orzamento Total**	**Condición cumprida**
2015.2100.0128.0	Noia	Reposición da depuradora en Pontenafonso	82.583,87	0,00	82.583,87	- Autorización de Costas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o disposto no apartado 2 do acordo plenario desta deputación do 27 de febreiro de 2015, consistente na obtención da autorización de Costas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, toda vez que o Concello de Noia presentou un proxecto modificado coa finalidade de dar cumprimento aos requirimentos feitos polo citado organismo.

3.- Notificarlle ao Concello de Noia a aprobación deste proxecto modificado para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución desta obra incluída no POS 2015."

20.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA "PAVIMENTACIÓN EN O VALIÑO," DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018 CO CÓDIGO 18.2000.0237.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no Anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2018, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Oleiros denominada "Pavimentación en O Valiño", co código 18.2000.0237.0

Logo de presentar o Concello de Oleiros un proxecto modificado desta obra xunto cos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación, así como a acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente, e tendo en conta a conformidade do contratista adxudicatario ás modificacións introducidas e o informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Oleiros denominada "Pavimentación en O Valiño", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 18.2000.0237.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, cun orzamento de contrata de 219.748,71 €, que non representa variación do seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial nin varía a súa finalidade, aínda que supón a introdución das modificacións necesarias para o reaxuste das medicións á realidade da obra, sendo o cadro relativo ao seu financiamento o seguinte:

	POS+2018 "Pavimentación en O Valiño"	
	Orzamento de contrata	**Orzamento de adxudicación**
Deputación	164.811,53 €	157.000,00 €
Concello	54.937,18 €	0,00 €
Total	219.748,71 €	157.000,00 €

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1536/76201 do vixente orzamento provincial."

21.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "MELLORA DO ACCESO AO CEP SALUSTIANO REY EIRAS" DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL, INCLUÍDA NA 4ª E DERRADEIRA FASE DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 (CÓDIGO 15.3110.0327.0)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases Reguladoras do PAS 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 29 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015

Logo de ver que no Anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 4ª e derradeira fase no apartado de OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS, no que figura , entre outras, a obra do Concello da Pobra do Caramiñal denominada "Mellora do acceso ao CEP Salustiano Rey Eiras"

Logo de presentar telematicamente o Concello da Pobra do Caramiñal un proxecto modificado desta obra, co mesmo orzamento de contrata do proxecto técnico inicial, por importe de 54.707,88 €, que introduce un cambio de trazado nas estradas municipais do itinerario de acceso e saída ao CEP Salustiano Rey Eiras, onde se van a realizar as obras

Logo de ver as autorizacións concedidas para a execución das obras así como os informes técnicos e xurídicos favorables a súa modificación e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello da Pobra do Caramiñal denominada "Mellora do acceso ao CEP Salustiano Rey Eiras", incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 co código 15.3110.0327.0, que foi aprobada polo Pleno da Deputación na sesión ordinaria do 29 de xuño de 2016, cun orzamento de contrata de 54.707,88 €, que non supón unha variación orzamentaria respecto ao do proxecto técnico inicial, nin varia a súa finalidade nin o seu obxecto, aínda que introduce un cambio de trazado nas estradas municipais no itinerario de acceso e saída ao CEP Salustiano Rey Eiras, onde se van a realizar as obras.

			FINANCIAMENTO		
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F. propios**	**Concello**	**Orzamento Total**
15.3110.0327.0	Pobra do Caramiñal	Mellora do acceso ao CEP Salustiano Rey Eiras	49.207,88	5.500,00	54.707,88

2.- Na partida 0430/1534/76201 existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra."

22.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "INSTALACIÓNS, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA" DO CONCELLO DE RIVEIRA, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015, 4ª E DERRADEIRA FASE (CÓDIGO 2015.3110.0341.0)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do PAS 2015

Logo de ver que no Anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 4ª e derradeira fase do PAS 2015, apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura entre outras, a obra do Concello de Riveira denominada "Instalacións, remate e urbanización exterior do centro social multiusos de Carreira" co código 2015.3110.0341.0

Logo de presentar o Concello de Riveira un proxecto modificado desta obra, con incremento do seu orzamento, así como á vista dos informes técnicos favorables xustificativos da modificación do proxecto e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, xunto co acordo do concello da resolución do contrato do proxecto inicial
De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Riveira denominada "Instalacións, remate e urbanización exterior do centro social multiusos de Carreira", incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0341.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016, cun orzamento de contrata de 266.377,57€, sendo o importe de contrata do proxecto modicado da obra de 295.580,58 €, o que representa un incremento no seu orzamento respecto do proxecto técnico inicial que é asumido integramente polo Concello de Riveira, tal e como se indica no seguinte cadro:

	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	INCREMENTO
	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación	Orzamento de contrata	
Deputación	266.377,57	213.101,22	213.101,22	0,00
Concello	0,00	0,00	82.479.36	82.479.36
Total	266.377,57	213.101,22	295.580,58	82.479.36

O aboamento da achega da Deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/93393/76201 do vixente orzamento provincial.

2.-Comunicarlle ao Concello de Riveira a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

23.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA "POSTA EN VALOR DO ENTORNO RESIDENCIAL (CAMIÑO INGLÉS) E DO ACCESO AO CONXUNTO PARROQUIAL DE SANTO ANDRÉ DA BARCIELA NO LUGAR DE SIGÜEIRO" DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, INCLUÍDA NA SEGUNDA E DERRADEIRA FASE DO POS+ ADICIONAL 1/2018 CO CÓDIGO 18.2001.0776.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DESTA OBRA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan

provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 e o seu Plan Complementario

Logo de ver o acordo plenario de data 28/09/2018, en relación coa Resolución da Presidencia 36517 do 29/10/2018, polo que se considerou definitivamente aprobada a segunda e derradeira fase do POS+ ADICIONAL 1/2018 por maior achega provincial

Logo de ver que no Anexo III a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no segunda e derradeira fase do POS+ ADICIONAL 1/2018 por maior achega provincial, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Santiago denominada "Posta en valor do entorno residencial (Camiño Inglés) e do acceso ao conxunto parroquial de Santo André da Barciela no lugar de Sigüeiro", co código 18.2001.0776.0, cuxa aprobación definitiva quedou condicionada á obtención da autorización de Augas de Galicia e á supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobado

Logo de ver a autorización concedida por Augas de Galicia e máis o informe técnico do cumprimento das condicións contidas na autorización

Á vista do proxecto modificado da obra presentado polo Concello de Santiago coa finalidade de corrixir os erros apreciados no orzamento do proxecto inicial polos Servizos Técnicos da Deputación

Tendo en conta os informes favorables xustificativos da modificación do proxecto, en particular, o informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación, así como a certificación acreditativa da aprobación do proxecto modificado polo órgano municipal competente

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Santiago denominada "Posta en valor do entorno residencial (Camiño Inglés) e do acceso ao conxunto parroquial de Santo André da Barciela no lugar de Sigüeiro", incluída na segunda e derradeira fase do POS+ ADICIONAL 1/2018 por maior achega provincial, co código 18.2001.0776.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 28 de setembro de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 36517 do 29/10/2018 de forma condicionada á obtención da autorización de Augas de Galicia e á supervisión favorable do proxecto correxido e aprobado, que non representa unha alteración do seu obxecto nin da sua finalidade, únicamente supón a corrección de erros no proxecto inicial por eliminación de partidas administrativas non subvencionables, de conformidade co disposto nas Bases do Plan, polo que esta modificación implica unha diminución do orzamento de contrata da obra por importe de 3.349,09 € respecto ao do proxecto orixinal.

Tendo en conta o sinalado o cadro de financiamento da obra é o seguinte:

Proxecto Modificado " Posta en valor do entorno residencial (Camiño Inglés) e do acceso ao conxunto parroquial de Santo André da Barciela no lugar de Sigüeiro " do Concello de Santiago				
Axentes financeiros	**Orzamento de Contrata Proxecto Inicial**	**Orzamento de contrata Proxecto Modificado**	**Diferenza**	**CONDICIÓNS CUMPRIDAS**
Deputación	141.683,02	141.683,02	0,00	-Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobado. -Autorización de Augas de Galicia.
Concello	43.620,74	40.271,65	-3.349,09	
Total	185.303,76	181.954,67	-3.349,09	

2.-Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometida esta obra, consistentes en acreditar á obtención da autorización de Augas de Galicia e á supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobado, toda vez que o Concello de Santiago presentou a documentación

xustificativa do seu cumprimento e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído na segunda e derradeira fase do POS+ ADICIONAL 1/2018 por maior achega provincial

3.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4546/76201do vixente orzamento provincial.

4.- Notificar este acordo ao Concello de Santiago para os efectos oportunos."

24.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILLIDADE DO CENTRO SOCIAL DE VIZÚS (ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE CENTROÑA).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **Pontedeume** para cofinanciar as obras de a reforma interior e mellora de accesibilidade do Centro Social de Vizús (Antiga Escola Unitaria de Centroña).cunha achega provincial de 184.481,52 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/933.91/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,000% respecto dun orzamento de 230.601,91 euros. e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

3**.- Condicionar** o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO
CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA INTERIOR E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DO CENTRO SOCIAL DE VIZÚS (ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE CENTROÑA)

Na Coruña, a __ de _____ de 201_

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____ , Alcalde Presidente do **Concello de _____,**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Pontedeume** considera de primeira necesidade as actuacións de modificación, reforma e mellora da accesibilidade do Centro Social de Vizús (antiga Escola Unitaria de Centroña)

Dende o peche a principios da década do ano 2000 da antiga escola unitaria da parroquia de Centroña, este edificio foi utilizado como local social para o desenrolo de distintas actividades culturais e lúdicas, dende cursos de cociña, micoloxía, pintura, bordado, idiomas... ata charlas sobre historia local.

Co paso do tempo, e tendo en conta que se trata dunha construción dos anos 60, o citado edificio presenta na actualidade un gran número de deficiencias e danos, que dada a relevancia dalgún deles, deberían ser reparados canto antes.

Co proxecto de obra “Reforma interior e mellora da accesibilidade de Local Social en Vizús” preténdese a modificación , reforma e mellora da accesibilidade dunha edificación para a súa adaptación como centro sociocultural.
A planta baixa modifícase para deixar un espazo diáfano multifuncións, un baño, un office, cun carto de limpeza e unha zona de almacenaxe.

Engádense dous pequenos volumes: un para mellorar a entrada do edificio e outro na parte posterior para incorporar un ascensor e unhas escaleiras e así poder crear un espazo diáfano na planta baixa.

Na planta alta ampliarase unha das salas mentres que nas demais estancias manteranse incluído un aseo e un pequeno office.

O programa de necesidades componse de tres salóns multiusos, office, baño, cuarto de limpeza e almacén.

Na elaboración da proposta primaron os criterios de funcionalidade e eficacia na distribución, uso e posterior mantemento e instalación. Paralelamente asúmense criterios de formulación

dunha imaxe que participe doutras instalacións similares e recentes coas mesmas características.

As actuacións propostas consistentes na modificación, reforma e mellora da accesibilidade dunha edificación para a súa adaptación como centro sociocultural, comprenden:

RECINTO	**SUPERFICIE**
Vestíbulo	7,50 m2
Salón 01	95,50 m2
Office	4,55 m2
Baño 01	6,00 m2
Cuarto limpeza	3,25 m2
Almacén	7,05 m2
Escaleiras	11,10m2
Ascensor	3,45 m2
Garaxe	9,70 m2
SUPERFICIE ÚTIL TOTAL DE PLANTA	148,10 m2
SUPERFICIE CONSTRUIDA TOTAL	**170,90 m2**

A poboación directamente beneficiada pola realización da obra recollida no proxecto "Reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social en Vizús" son, segundo datos recollidos na comunicación de cifras oficiais de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas a 1 de xaneiro de 2017, con data de rexistro de entrada no Concello 1/12/2017 (nre6742) sendo un total de 7937 habitantes.

Por outra banda, de conformidade co artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local (LBRL) e o artigo 80.2.n) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Concello exerce competencias propias no relativo á promoción da cultura e equipamentos culturais.

Os centros socioculturais son equipamentos de uso comunitario, abertos a tódolos veciños do municipio, que teñen como obxectivo fomentar a convivencia entre os veciños mediante a realización de actividades de ocio, actividades sociais, actividades de aprendizaxe... e impulsar a súa participación nestes espazos públicos.

Na actualidade e dende o ano 2000 o local estase a utilizar como local social para o desenvolvemento de diferentes actividades culturais e lúdicas, dende cursos de cociña, micoloxía, pintura, bordado, idiomas ata charlas sobre historia local. Co paso do tempo, e tendo en conta que se trata dunha construción dos anos 60, o citado edificio presenta na actualidade un gran número de deficiencias e danos, que dada a relevancia dalgún deles, deberían ser reparados canto antes.
Por todo o anteriormente exposto, quedan xustificados as razóns extraordinarias de interese público e o carácter singular do proxecto para a tramitación excepcional da concesión da subvención nominativa.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Pontedeume** ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO
1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Pontedeume**, con CIF P 1507000F fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das de "Reforma

Interior e Mellora de Accesibilidade do Centro Social de Vizús" (antiga Escola Unitaria e Centroña ", tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	160.151,34 euros
Gastos xerais 13,00%	20.819,67 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	9.609,08 euros
IVE (21%)	40.021,82 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	**230.601,91 euros**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **184.481,52 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,0000** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,0000** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/933.91/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.
1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o

momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto**.**

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.
1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020.** Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito

que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.
1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

25.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA PRAZA EUROPA (FASE I)

INTERVENCIÓNS

Sr. García Seoane

Eu neste punto e no seguinte vou votar en contra, expuxen as miñas razóns na Comisión. Eu non voto en contra de que aos concellos se lles dea diñeiro para mellorar as infraestruturas, pero si voto en contra daquelas cousas que me ofrecen dúbidas á hora da actuación que fai o concello nunha deputación en concreto. A lei di claramente que os proxectos non se poden dividir para contratalos, estamos falando, a pesar do que diga un dos técnicos da Deputación da área de Planificación, que di que son tres proxectos completos, ou dous proxectos completos, faime moita graza iso de dous proxectos completos, a miña

intervención na Comisión non foi se eran proxectos completos ou non, era que era unha obra dividida en tres, como a santa..., unha obra dividida en tres, unha que xa está en contratación neste momento, polo concello, Parque Europa, 120.000 euros, outra que vén aquí hoxe para que se leve adiante, que se chama Parque Europa 1ª fase, a segunda está en contratación, a primeira vén hoxe aquí, Parque Europa, mesmo autor de proxecto, e logo a terceira, que vén despois no seguinte punto, é "urbanización das rúas, non sei que, non si canto...". Todo isto que é?, isto é unha zona que é a Casa do Concello, que queren reurbanizar a contorna da Casa do Concello, chámanlle Campo da Feira, non, porque o Campo da Feira xa foi urbanizado hai dous anos, polo tanto, está totalmente urbanizado, e agora o que está facéndose é un proxecto dividido en tres, con dous nomes iguais nun caso e con outro distinto. Os tres están na contorna da Casa do Concello, dereita, esquerda e marcha atrás, na parte traseira, parte do frontal, esquerda e dereita, polo tanto, iso non se lle pode contar a ninguén que son tres proxectos.

Entón, eu non estou en contra do diñeiro que se lle dá para as obras, pero si estou en contra da forma en que se quere contratar, por que, porque ofrece unhas dúbidas tremendas, coa lexislación española vixente non se pode facer este tipo de actuacións, e eu anuncio que posiblemente vaia aos tribunais a denunciar este feito se hoxe aquí se aproba, anúncioo, eu vou votar en contra e anuncio que posiblemente vaia aos tribunais porque non se poden dividir proxectos, un para contratar directamente Parque Europa, o que vén hoxe aquí, menos de 40.000 euros, polo tanto contrátoo e collo a quen me dea a gana, o sistema de contratación xa sabemos cal é, tres empresas, pero ao final, "pito, pito, colorito, tocouche a ti, amiguito". Entón, nese aspecto, dígoo eu aquí, "pito, pito, colorito, tocouche a ti, amiguito". Eu estou totalmente en contra diso en calquera sitio que sexa, denunciei varias veces aquí cousas, que non se me fixo caso, algunhas si, en concreto neste concello, no mes de decembro pasado pretendíase levar unha axuda para unha obra que estaba feita, para facerlle un muro a un amigo, a un parente, por conta da Deputación, nunha estrada que sae de Cambre ata Santa María ou San Vicente de Vigo. Polo tanto, naquel momento si se actuou como había que facelo, e non se levou adiante, porque era unha verdadeira aberración, pero hoxe, a pesar do que dixen, traemos aquí, os informes, hai quen di, "non, é que o interventor informa todo negativo", o interventor fai o seu traballo a raxatabla, pero ademais neste caso matízao moi ben.

Polo tanto, anuncio que eu estou en contra deste tipo de actuacións que, desde os concellos, xa sei que desde a Deputación non é, a Deputación aproba, pero despois é o concello quen contrata. Por tanto, quede clara a miña intención neste punto e no seguinte, voto en contra.

Sr. Penas Corral

Despois da intervención na correspodente Comisión xa o deputado expresou as súas dúbidas sobre este proxecto, nós desde o departamento encargamos un informe aos técnicos, deste informe derívase que as obras teñen diferente obxecto e características, así mesmo como a localización, pensamos que podían estar xuntas, eu mesmo comparecín na localización das obras e están separadas por unha estrada, penso que é unha estrada provincial. Os dous proxectos de referencia ao mesmo tempo parecen responder a obras completas ou a partes susceptibles de utilización independente, segundo se dispón en materia de contratación. Aquí desde a área non vemos en principio ningunha irregularidade no tema, entendemos que a queixa pódese deber ás dúbidas que pode ter o deputado ou aos outros problemas políticos que poida haber co Concello de Cambre, pero non neste caso a unha irregularidade por parte da área.

Sr. García Seoane

Xa citei ese informe ao principio da miña intervención. Hai un técnico que está arriba, na quinta ou sexta planta, que di que son tres proxectos distintos. Cómo poden ser tres proxectos distintos, mesmo autor proxectista dunha empresa determinada, fase I e fase II do Parque Europa, é que agora hai moitos parques Europa?, no municipio non pode haber dous parques Europa, non pode haber nin tres prazas de María Castaña, nin nada parecido. Polo tanto, é un proxecto dividido en tres, e para que?, eles saberán para que. A min impórtame un pito o que diga o técnico que está arriba, e se teño que falar do técnico que está arriba, ao mellor teño que dicir algunhas cousas moi serias, polo tanto, prefiro non dicilas, pero que quede claro que a min o informe do técnico non me di nada, nada de nada.

É moi fácil informar primeiro, e logo se teño que rectificar, rectifico, pois ese é o tema, son a mesma obra, tres en un.

E, por certo, 120.000, 37.000, a que se vai contratar directamente, e 50.101, que é a outra esquina do concello. A de 37.000 está parella á de 120.000, e xa di na prensa o outro día, un diario dicía que a obra que acaban de sacar a licitación, a de 120.000, os veciños opóñense, e non é un veciño nin dous, son moitos, e non é Alternativa dos Veciños, os veciños opóñense. Polo tanto, que quede claro a miña intervención.

Sra. Gallego Neira

Primeiro, aquí está a facer acusacións gravísimas incluso contra técnicos, eu creo que se ten algunha información o Sr. García Seoane que a poña de manifesto, porque desde logo nosoutros os reparos que vimos son como os dos demais convenios.

Aquí do que se trata, e eu dígoo porque se van emprender accións legais, que quede constancia na acta, que aquí o que hai é un convenio cos informes pertinentes, cos reparos porque non hai Plan estratéxico, iso xa o falamos mil veces, e creo que é un tema que urxe, de feito había xa un borrador, habería que aprobalo, pero eu, o fraccionamento, coa documentación que nós temos, non o vexo por ningunha parte, primeiro, porque o fraccionamento sería se non se licita con procedemento aberto, aquí estamos falando dun convenio, e logo licitarase, se el ten información de a quen se lle vai dar, ou quen fai os proxectos, que vaia aos xulgados e que denuncie a quen teña que denunciar da súa guerra co Concello de Cambre, aquí os demais non temos ningunha culpa, nin nada que ver, e non me parece a persoa máis indicada nestes momentos para cuestionar a ética nin a profesionalidade de ninguén, Sr. García Seoane.

Sr. García Seoane

De ética vostede non me pode dar ningunha clase, a miña ética está aí, perseguíronme nos tribunais os bandidos de todos políticos e non políticos, e sempre acabei con todos eles nos tribunais, sempre acabei con eles, eles pretendían acabar comigo. Polo tanto, honrado a carta cabal. Vostede si que se ten que dicir algo vaia aos tribunais de inmediato, vostedes si que teñen que calar toda a merda que teñen neste país, toda a merda, o lixo, que emporcaron este país totalmente, por todas as áreas do país. Polo tanto, vostede de ética e de honradez, non lle dá clase ningunha a Ángel García Seoane, alias Gelo.

Dicir contra técnicos, xa o levei ao xulgado, a ese técnico que non dou o nome aquí, xa o levei ao xulgado no seu día, e o xulgado deume a razón, sei do que falo, é que teño moita bagaxe, son moitos anos de batallas, gañándoas sempre, caendo, levantándome e gañándoas. Polo tanto, é non é ningunha guerra con Cambre, aquí non hai guerra con ninguén. Eu estou en guerra cos que actúan mal, cos que non fan ben as cousas, cos que non respectan a normativa deste Estado, en contratación, en legalidade, no que sexa, esa é a miña

guerra, e será con Cambre, e será con maría santísima. Foi cun municipio que gobernaban vostedes alá para arriba de Carballo, Coristanco, claro, con calquera concello que entenda que debo librar unha batalla vouna librar, pero non contra os cidadáns nin polos intereses do concello. Non estou en contra de que se lle dean cartos aos concellos, pero si estou en contra de que se fagan as cousas fóra da lei, ese é o tema. E xa lle digo, de ética vostede non me fale.

Sra. Gallego Neira

Por alusións, aquí o único que estivo inhabilitado foi vostede, e o episodio deste verán da parcela, desde logo non é moi ético, aínda que sexa moi legal, e só lle dixen unha cousa, que vostede entra, e dixo aquí palabras moi graves, que denuncie ao técnico que sexa se vostede ten datos, denuncie ao político que sexa se ten datos, denúncieme a min se ten datos, da miña falta de ética, do que vostede queira, denuncie ao Partido Popular, onde vostede queira, pero non diga aquí cousas ao aire por unha guerra persoal que vostede ten co alcalde de Cambre, ou co técnico de quenda, ou con quen lle dea a gaña, moi libre de tela, pero desde logo, aos demais non nos meta neste allo. Se vostede ten algún dato obxectivo dun fraccionamento, se ten algún dato dalgunha ilegalidade, dígao, e se non, non ameace con ir aos tribunais. Sempre que votamos en contra porque consideramos que algo era ilegal, dixemos por que, e con datos e con papeis, non se poden soltar denuncias ao aire. E nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Para resumir, en todo caso, respectando a opinión do Sr. García Seoane, que non compartimos en absoluto, si que é certo que se os técnicos da casa, a fin de contas todos os que estamos aquí sentados, en gran medida e en moitas das ocasións, establecemos o noso criterio de votar baseado precisamente nos informes dos técnicos, que non acreditan iso que se acaba de dicir. Se, efectivamente, ten sospeitas, ten todo o dereito do mundo a formulalas en calquera outro escenario que non sexa esta propia Deputación pero, en todo caso, o que hai sobre a mesa, é o informe que hai, que di o que di, e en todo caso, tampouco a lei di ningún sitio que un non lle poida contratar a redacción dun proxecto, ou de varios proxectos, ao mesmo redactor, e penso que calquera de nós nos nosos concellos o facemos, porque se cada proxecto que redactamos, temos que contratar a un distinto, estaríamos contratando seguramente por China ou por aló, porque xa non quedarían técnicos neste país.

En todo caso, repito, respectando a súa opinión, non a compartimos en absoluto e incido en que os informes técnicos din o que din, que non é o que se está a dicir neste caso.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (12 do PP, 10 do PSOE e 4 do BNG)
Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, o voto en contra de Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"**1º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para cofinanciar a remodelación da Praza Europa(Fase I) en Cambre, cunha achega provincial de **28.820,49 euros** con cargo a la aplicación orzamentaria **0112/1532/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **76,09873 %** respecto dun orzamento de **37.872,50 euros** e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA PRAZA EUROPA (FASE I)

Na Coruña, a _____ de_____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte D. _____, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. _____ , Alcalde Presidente do **Concello de Cambre.**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.
A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.
Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Cambre considera de primeira necesidade as actuacións de remodelación da Praza Europa.

O obxecto do encargo a primeira fase da remodelación da Praza Europa con fin esencial de mellorar a mobilidade dos peóns, garantir a accesibilidade universal e iniciar a posta valor da contorna da Igrexa de Santa María de Cambre e do cruceiro, completando a relación entre os espazos públicos existentes.

Esencialmente poden sinalarse catro obxectivos fundamentais:
- Mellorar a mobilidade peonil e garantir a accesibilidade universal.
- Por en valor a contorna da Igrexa de Santa María de Cambre.
- Modificar os eixos visuais para garantir a continuidade entre lugares de interese.
- Dar un tratamento axeitado ao cruceiro de Cambre.

A inversión contemplada se levará a cabo nun núcleo urbán densamente poblado onde reside un número importante de persoas con algún grao de discapacidade física ou sensorial que requiren dunha actuación inmediata para garantir un acceso libre á súa contorna.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cambre** ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- 1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Cambre** con CIF **P1501700G** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das Obras de "Remodelación da Praza Europa"(Fase I) , tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos arquitectos técnicos Patricia Múñiz Núñez núm. colexiada 2855 e Luciano González Alfaya núm. colexiado 3130**.**

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	26.302,18 euros
Gastos xerais 13,00% :	3.419,28 euros
Beneficio Industrial 6,00 %:	1.578,13 euros
IVE (21%):	6.572,91 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN:	37.872,50 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **28.820,49 euros** o que representa unha porcentaxe de **76,09873 %.** A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **76,09873** %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación** do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxeto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.
1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.
1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.
1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020.** Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o ____ de _____ do _____.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

26.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "DE ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DO CAMPO DA FEIRA"

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (12 do PP, 10 do PSOE e 4 do BNG)
Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, o voto en contra de Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para cofinanciar ordenación e mellora da accesibilidade no entorno do campo da feira, cunha achega provincial de 28.800,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/1532/762.01 o que representa un coeficiente de financiamento do 57,47746 % respecto dun orzamento de 50.106,60 euros e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "DE

ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DO CAMPO DA FEIRA"

Na Coruña, a _____ de_____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. Óscar A. García Patiño , Alcalde Presidente do **Concello de Cambre.**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Cambre considera de primeira necesidade as actuacións de mellora da accesibilidade na contorna do campo da feira .O obxecto do proxecto é poñer de manifesto as deficiencias de accesibilidade encontradas na contorna do Concello e establecer as bases e modificacións necesarias en dito emprazamento para conseguir itinerarios e espacios accesibles e que cumpran coas normativas urbanas actuales. Tratándose dunha mellora sustancial para a ciudadanía, esta actuación está pensada para darlle continuidade ao pavimento creando unha zona elevada con prioridade para peóns, no entorno do Campo da Feira.

Coa proposta formulada se mellora a accesibilidade dando continuidade a esta nova zona có campo da feira e dotando de maior seguridade viaria ao centro de Cambre.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cambre** ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- 1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Cambre** con CIF **P1501700G** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das Obras de "Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do campo da feira" , tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal **Elena Bartolomé Delanoë.**

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:	34.798,66 euros
Gastos xerais 13,00% :	4.523,83 euros
Beneficio Industrial 6,00 %:	2.087,92 euros
IVE (21%):	8.696,19 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN:	50.106,60 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **28.800,00 €** euros o que representa unha porcentaxe de **57,47746**%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **57,47746**%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación** do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.
1. As obras que son obxeto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.
1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.
1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven

a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020.** Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o ___ de _____ do 2.019

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

27.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DUNHA ADDENDA AO CONVENIO NÚMERO 39/2018 SUBSCRITO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN

INTERVENCIÓNS

Sr. García Seoane

Fálase, que o di o técnico, palabra de santo. Aquí hai un técnico que fai uns informes tremendos na defensa da administración, e sempre o saltamos, cando interesa saltámolos, cando non, o técnico. Aquí hai un técnico soberbio, que é un interventor que está sentado aí, que fai uns informes que non se podía aprobar moitas das cousas que traemos, e aí non pasa nada. E en cambio, este outro técnico, é que o dixo o técnico, simplemente iso.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a formalización e o texto dunha addenda ao Convenio de Colaboración número 39/2018 subscrito entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña espectáculos (IMCE) do concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón.

ANEXO

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN NÚMERO 39/2018 ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN

Na Coruña, a … de …. de 2019, na sede da Deputación Provincial da Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, ……, representante da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, ….. representante do IMCE.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos, e na representación que ostentan, ambas as dúas partes recoñécense recíprocamente capacidade suficiente para suscribir a presente addenda ao convenio de cooperación entre a **EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN,** a cuxos efectos

ANTECEDENTES

1.- Con data 23 de marzo de 2018, o Pleno da Corporación Provincial aproba o texto é a formalización do convenio de cooperación entre a EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN

2.- O trece de xuño de 2018 asínase o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón.

3.- O convenio formalízase en documento administrativo número 39/2018. De conformidade coa cláusula décima do convenio, “Duración e vixencia”, o convenio terá una duración de dous anos, contados a partir do día 2 de xullo de 2018, data na que se puseron as instalacións a disposición do Concello da Coruña.

4.- O 29 de xuño de 2018, formalízase a ACTA DE POSTA A DISPOSICIÓN DE EQUIPAMENTO E INSTALACIÓN DO TEATRO COLÓN AO CONCELLO DA CORUÑA.

5.- A Comisión de Seguemento do Teatro Colón, celebrada o 27 de agosto de 2019 acordou a promoción conxunta da ópera "A amnesia de Clío", unha proposta producida pola compañía VOADORA con dirección musical do compositor e director Fernando Buíde del Real, coa participación da Real Filharmonía de Galicia e do Orfeón Terra A Nosa e a dirección escénica de Marta Pazos, unha das máis valoradas directoras escénicas do Estado, actualmente dirixindo para o Teatro Real de Madrid unha coprodución do Teatro Español de Madrid, o Teatre Lliure de Barcelona e o Festival de Óperade Barcelona.

Para alén das características artísticas do espectáculo, trátase dunha ópera en galego e que propón unha proposta musical contemporánea e linguaxe visual e dramatúrxica innovadora na escena galega, todo o cal reforza aínda máis a súa singularidade dentro do noso panorama cultural.

6.- Por todo o exposto, ambas partes acordan asinar a seguinte addenda de acordo co seguinte clausulado

CLAÚSULAS

1ª.- OBXECTO

A presente addenda ao convenio de colaboración **ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN** ten por obxecto coordinar as actuacións para a promoción e financiación da representación da ópera "A amnesia de Clío", cuxo espectáculo celebrarase no Teatro Colón o día 12 de novembro de 2019.

2ª.- ORZAMENTO, FINANCIACIÓN E FORMA DE PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

1. O orzamento ascende a 38.000,00 euros que se desglosan dacordo coa seguinte táboa:

CONCEPTO	IMPORTE
Caxé fixo por unha representación da ópera "A amnesia de Clío" no Teatro Colón de A Coruña o día 12 de novembro de 2019	23.966,94 €
IVE 21% do caché fixo	5.033,06 €
Billeteira neta, descontados o IVE, os dereitos de autor, as comisión de venta e demáis impostos, a abonar compañía, ata o seguinte importe:	9.000,00 €
TOTAL	**38.000,00 €**

2. A Deputación financiará ata un importe máximo do 50% do orzamento, é dicir, ata un máximo de 19.000,00 euros.
   O aboamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3335/46201 e empregando o nivel de vinculación xurídica.

3. A recadación que xenere o evento por encima dos 9.000,00 € de billeteira neta minorará a aportación da Deputación e do IMCE en partes iguais.

4. O importe corresponde á aportación da Deputación abonarase ao IMCE, previa presentación da seguinte documentación:

- Factura da empresa organizadora.
- Certificación da recadación de taquilla.
- Breve memoria do espectáculo, indicando número de asistentes.
- Xustificación da constancia da colaboración da Deputación nos medios de comunicación, carteis e programas.

5. Corresponde ao IMCE o abono do caché á compañía (caché e parte correspondente á billeteira neta ata 9.000,00 €).

O aboamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 334/227.92.

3ª.- CONTRATACIÓN

O IMCE adxudicará, contratará e aboara o presente espectáculo á compañía.

Os gastos correspondentes á Asociación Xeral de Autores serán aboados polo Concello da Coruña ou pola empresa productora do evento

4ª.- PUBLICIDADE

En todos os carteis, programas e na difusión nos medios de comunicación constará a colaboración e financiación da Deputación

5ª.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio, a efectos de presentar a documentación xustificativa é o 10 de decembro de 2019.

6ª.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto na addenda, rexírase polo establecido no convenio.

O resto da clausulado mantense no mesmo sentido que o establecido no convenio número 39/2018 asinado o 13 de xuño de 2018.

Faise constar que a presente addenda foi aprobada por acordo plenario de data___ de___ de 2019

En proba de conformidade, ambas partes asinan por cuadriplicado ejemplar a presente addenda, no lugar e data sinalados ao inicio."

28.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 26008 DE 29 DE XULLO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Ratificar a Resolución da Presidencia núm. 26008 de 29 de xullo de 2019 pola que se aproba a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña e cuxo texto e o seguinte:

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial de A Coruña,

Antecedentes

1º) A disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece:
A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

2º) O artigo 326.1 establece os procedementos nos que o Órgano de contratación debe estar asistido por unha Mesa de contratación.
Tendo en conta que, aínda que o artigo 326.1 en relación co 159.6 respecto do procedemento simplificadisimo, establece que é potestativa a constitución da Mesa, considerouse adecuado a intervención da Mesa de Contratación neste procedemento.

3º) Tendo en conta que a nova corporación da Deputación Provincial da Coruña constituíuse o 1 de xullo de 2019 procede designar a Mesa de Contratación Permanente da Deputación.

Á vista do anterior,
RESOLVO:

1º) Aprobar a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos seguintes procedementos de contratación a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017:

- aberto
- aberto simplificado
- aberto simplificadisimo do artigo 159.6
- restrinxido
- diálogo competitivo
- licitación con negociación
- asociación para a innovación
- procedementos negociados fundamentados en imperiosa urxencia prevista na letra b.1 do artigo 168

de maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	**SUPLENTES**	
PRESIDENTE	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) **D. Xosé Lois Penas Corral**	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) **D. María Carmen Muíño Filgueira**	
VOGAIS	Secretario Xeral (con funcións de asesoramiento xurídico)	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE

	D. José Luis Almau Supervía	Oficial Maior **Dª Mª Amparo C. Taboada Gil**	Letrado asesor xurídico **Andrés Fernández Maestre**
	Interventor Xeral **D. José Manuel Pardellas Rivera**	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Interventor adxunto **D. Juan Bautista Suárez Ramos**	Viceinterventor **D. José María Pérez Alvariño**
SECRETARIO CON VOZ E SEN VOTO	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación **D. Luis Jaime Rodríguez Fernández**	PRIMER SECRETARIO SUPLENTE	SEGUNDO SECRETARIO SUPLENTE
		Xefa da Sección I de Patrimonio e Contratación **Dª María José Lauda Pan**	Xefa da Sección II de Patrimonio e Contratación **Dª Beatriz Méndez López**

ASISTENTES CON VOZ E SEN VOTO	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) **D. Bernardo Fernández Piñeiro**	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) **D. José Manuel Lage Tuñas**
	Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP) **Dª Martina Aneiros Barros**	Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP) **Dª Dalia García Couso**
	Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV) **D. Angel García Seoane**	-
	Deputado provincial (Grupo Marea Atlántica, MA) **D. Alberto Lema Suárez**	-

2º) Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución para a súa ratificación.
3º) Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.
4º) Publicar ademais, para dar maior difusión á composición da Mesa de contratación, no Boletín Oficial de la Provincia e no Portal de Transparencia desta Deputación.

29.- MODIFICADO Nº 1 DP 2502 VALDOVIÑO A CERDIDO, PQ 3+000 AO 5+600 (VALDOVIÑO) ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO

INTERVENCIÓNS

Sra. Gallego Neira

Un modificado, desde logo que conste que estamos totalmente a favor da infraestrutura, pero ímonos abster porque entendemos que aquí o que houbo é unha deficiente planificación e previsión dunha obra que implica un maior custo, A obra licitouse por un importe de 988.000 euros, cunha baixa dun 38%, e agora resulta que se fai este modificado por importe de 145.000 euros, aquí pódese vulnerar incluso e desvirtuar o que é o procedemento inicial, beneficiando a este adxudicatario, porque o que se fala, o modificado é para mellorar entradas e accesos ás vivendas, isto non é un imprevisto, isto tíñase que planificar, terse previsto no proxecto e entendemos que é unha baixa que foi importante e que hai que facer as previsións oportunas, e os proxectos teñen que redactarse da maneira adecuada. En principio, nada máis, que se teña en conta para o sucesivo, claro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba:

"1. Aprobar o Proxecto MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DP 2502 ACTUALIZACION PROXECTO DE AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO NA DP 2502 VALDOVIÑO A CERDIDO PQ 3+000 AO 5+600 (VALDOVIÑO) CÓDIGO DA OBRA: 16.1110.0010.1, polo seu presuposto de contrata de 1.133.725,51 € que supón un incremento de 144.986,71 € respecto ao primitivo.

2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., CIF: B15.009.533, as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un presuposto de adxudicación de 693.613,27 €, o que representa unha diferenza de 88.717,33 € con respecto ao prezo de adxudicación.

3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.666 €, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en 28.661,70 €."

30.- APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES Á QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO DE 2019 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN, POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE MAIO DE 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de maio de 2019.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de maio de 2019.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

31.- APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES Á QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2019 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN,

POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 30 DE XUÑO DE 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de xuño de 2019.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2019.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

32.- APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES Á QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2019 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN, POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de xullo de 2019.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2019.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.

33.- APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE A MAIO DE 2019 E PROXECCIÓN A 31/12/2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de maio de 2019, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2019 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

34.- APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE A XUÑO DE 2019 E PROXECCIÓN A 31/12/2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:
"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de xuño de 2019, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2019 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

35.- APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE A XULLO DE 2019 E PROXECCIÓN A 31/12/2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de xullo de 2019, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2019 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

36.- APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2105/2012 DE 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN SEGUNDO TRIMESTRE EXERCICIO 2019 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E NA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA, E DO ESTADO CONSOLIDADO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2º. Poñer a información a disposición de calquera interesado lexítimo a través da páxina de Internet da Deputación Provincial."

37.- APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA PARA O SEGUIMENTO DO PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2018-2019, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do disposto no artigo 24 e no punto 6 da Disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2º. Poñer a información a disposición de calquera interesado lexítimo a través da páxina de Internet da Deputación Provincial."

38.- APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE O ESTADO DA TRAMITACIÓN DAS FACTURAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DOS INFORMES DE MOROSIDADE DA ENTIDADE E DOS SEUS ENTES DEPENDENTES (CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA DA PROVINCIA DA CORUÑA) CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2019, ASÍ COMO DA SÚA REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Tomar coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia

enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao segundo trimestre de 2019, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma."

39.- APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, INTEGRADA POLA PROPIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E AS CONTAS ANUAIS DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Tomar coñecemento da aprobación definitiva das Contas Anuais da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

2. Tomar coñecemento da aprobación definitiva da Conta Xeral do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

3. Tomar coñecemento da aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2018 da Deputación Provincial da Coruña, integrada pola propia da Deputación Provincial da Coruña, a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e as Contas Anuais da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)."

40.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 26864 DO 07/08/2019 POLA QUE SE APROBAN AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2020.

O Presidente dá conta da Resolución da Presidencia número 26864, do 07/08/2019 pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2020.

41.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 3/2019 DE APROBACIÓN POLO PLENO.

INTERVENCIÓNS

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas. Nós ímonos abster neste punto. Comentar e pedir que a documentación, se é posible, aínda que xa se explicou polo deputado da área, se facilite e se colgue dixitalmente co tempo suficiente antes da convocatoria das Comisións, cando se convocou a Comisión de Economía non estaba colgado o modificativo, explicáronmo e tal, pero aínda así segue faltando documentación, e segue faltando documentación tan importante como que é a máis importante para o labor de control, e é todas as baixas que non son nin máis nin menos que 22.825.000 euros, que non sabemos se están xustificadas ou non, non temos os informes dos técnicos, nin se é necesario ou non, altera substancialmente o orzamento da Deputación estas baixas, obviamente, e non temos os convenios. Puidemos ver algúns, pero non temos o que son os convenios, na documentación fálase xenericamente de que obras ou actividades son obxecto desta achega provincial, pero non se concreta coas fichas do orzamento do modificativo, entón falta documentación.

E si, gustaríame facer tamén mención a un asunto, e é que se se cumpre agora a 39 edición da Festa da Pataca en Coristanco, e o Concello solicitou unha axuda á Deputación, non sei se lles consta, pero non a recibiron. Aquí un concello próximo que non contaba con subvencións para unha feira que fan anualmente, métese no modificativo unha subvención, tamén para unha feira. Ou sexa, estes agravios comparativos pedimos que non se produzan, porque creo que hai que ser equitativos e, desde logo, os convenios si facilitalos, si xustificalos, e que vaian como van outros, aquí vimos o de Camariñas, o de Buño, e uns cantos máis, que ían aparte, aquí métese un nun modificativo, que parece que está un pouco para que pase desapercibido e que non nos decatemos, sobre todo porque non está na documentación, insisto, que está colgada electronicamente.

Sr. García Seoane

Como vén con indirectas, imos ir directamente ao tema. Di que no crédito vén recollido unha subvención para un municipio próximo, un municipio próximo que fai a mellor feira de alfarería de España, a mellor feira, que promove a artesanía, que non fai batallas de romanos, e circo e pan para os cidadáns, como todas esas que hai por aí adiante, e que ademais inxustamente, a pesar de levar xa catro anos na Deputación, e outros catro que estiven no 79, a pesar de, non tiña esa axuda, esta subvención, por certo, tiña a do seu partido en Santiago, eran máis condescendentes, pero non nos chegaba. Pero aínda así, con esa feira tan importante, que leva a miles de persoas, que dá de comer aos artesáns de España, esa España tan grande e libre que queren vostedes, a España de todos, pois resulta que agora a vostede parécelle mal que veña, é que nos deixaron fóra, xa tiñamos que estar dentro.

Eu levo tempo dicindo que ten que haber nos orzamentos, ir unhas cantidades fixas para determinados eventos importantes, non feiras medievais, nin entroidos anticipados, agora todo o mundo a feira de non sei que, aquí se viste todo deus de todo porque iso entretén á xente, eu non quero entreter á xente, eu o que quero é defender a xente que traballa, defender a arte, defender a historia, e ese é o tema que facemos en Oleiros. Nós traballamos, por tanto, ía sendo hora de que se nos recoñeza que nos teñen que axudar nesta feira tan importante para os españois, alfareiros españois.

Polo tanto, vostede buscou mal inimigo, non veña por aí que vai apañada, xa llo anticipo, vai ir vostede apañada aquí, vai haber pan e circo aquí.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. En canto á documentación, nós entendemos que se mellorou notablemente toda a documentación que se sube, pero aínda así seguiremos mellorando dentro do posible, e en canto ao que fala vostede de Coristanco, non me consta ningunha petición, a min non me chegou ningunha petición directa e expresa para que se puidera incluír neste expediente, en calquera caso todas as peticións que chegan son atendidas e na medida do posible se inclúen, non hai ningún tipo de cuestión con Coristanco.

Sra. Gallego Neira

Creo que a petición dirixírona directamente ao presidente, pero en todo caso se está por aí, que a teñan en conta.

Imos ver, "vai apañada", claro, eu non quixen dicir exactamente que concello era, efectivamente "Afaroleiros", 30.000 euros, porque xa o vin un pouco alterado desde o principio do Pleno, e unha cousa é o debate político e outra cousa é entrar en insultos e ameazas, "vai apañada", "pan e circo", xa tiven algún episodio con vostede un pouco desagradable.

Eu o que digo é que a vostede a Feira da Pataca tampouco lle parecerá importante, nin dá emprego, nin nada, vostede é quen decide que eventos e que actividades xeran emprego, cales non, cales están ben, a xente se disfraza. Vostede é o que sabe de todo, é o mellor técnico municipal, pero é o único que está inhabilitado, repítollo, neste concello.

A min estrañoume, non me estrañou porque xa sabía da subvención, pero vostede todos os anos fainos a súa intervención falando precisamente da Feira de Alfarería de "Alfaroleiros", ponnos todos os reparos e abstense, incluso chegou a votar en contra, creo recordar, na de Malpica, de Buño, e na de Camariñas, porque sempre dicía que a súa era estupenda e as demais non valían para nada e parecíanlle excesivas. Esta vez non o meteron vía convenio, méteno no modificativo, a ver se cola, non que veña como asunto da orde do día, que é como tiña que vir, ademais como é tan importante, que ninguén di que non o sexa, que viñese como punto da orde do día, punto dezaseis, despois de Buño, a de Oleiros, e xa estaba, pero claro, eu xa non quixen crear máis rebumbio, pero é vostede o que o crea.

Sr. García Seoane

Apesta cando fala esta xente de inhabilitados, este señor García Seoane foi inhabilitado por defender o territorio desta país, a praia de Santa Cristina, unha sentenza inxusta, totalmente inxusta, e que me botou seis anos porque lle molestaba ao Partido Popular e a outros partidos naquel momento no Concello de Oleiros, e presentaron as denuncias en concreto o Partido Popular, naquel momento o pai do candidato do Partido Popular, e foi, non por roubar nin asaltar o país, foi por defender o territorio nacional, a praia de Santa Cristina. E non votei en contra de Malpica, maticei que estaba en contra de que se gastaran os cartos da forma na que o facían, porque eu fago a Feira con moita máis xente, con moitas máis cousas que teñen gastos, e en cambio nunca chegan a eses diñeiros que poñen en Buño e poñen en Camariñas, nunca chegan a iso, por tanto, iso é o que matizaba eu. Eu sempre estou detrás de que se aforre, de que non se malgaste diñeiro, pero non votei en contra porque estou de acordo que Camariñas é unha vila que ten dereito a ter, e ademais ten unha historia, ten unha arte, algo que vende a nivel de Europa, como que non?, e Buño tamén ten artesáns, pero xa digo, pódense facer as festas ou os eventos con menos cartos.

Sr. Regueira Varela

Rógolles que se axusten aos puntos do debate. Estamos a aprobar o punto 41 que é unha modificación de crédito, que contén 19 millóns de euros de reasignacións de baixas do POS, e estamos falando de convenios. Evidentemente, a documentación está completa e os convenios virán a debate individualmente a este salón de Plenos, polo tanto, teremos ocasións de debater sobre "Alfaroleiros", a Mostra de Buño, Camariñas, etc., etc. Seguramente os debates sexan interesantes, pero teñen que ser no seu momento, e recordo que a contía orzamentaria realmente obxecto do expediente son nada máis e nada menos que a reasignación desas baixas que suman 19 millóns de euros, que sen dúbida é unha boa nova que ademais estaban esperando os concellos por ela.

E logo o tema de Coristanco, eu non teño constancia. Se se presentou en Presidencia, simplemente recordar que os convenios cando chegan a Pleno xa teñen un percorrido administrativo que sendo moi rápidos son catro meses, entón seguramente aínda tarde un pouco.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 12 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2019 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 27.461.978,46 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A. **NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO**

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**	
CE. Créditos extraordinarios:	17.515.428,77	Remanente de Tesourería:	4.636.122,28
SC. Suplementos de crédito:	9.946.549,69	Baixas por anulación:	22.825.856,18
Total aumentos:	**27.461.978,46 €**	**Total financiamento:**	**27.461.978,46 €**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo		**Altas**	**Baixas**
1.	Gastos de persoal	3.023.272,88	0,00
2.	Gastos correntes	339.149,72	40.000,00
3.	Gastos financeiros	0,00	0,00
4.	Trans. correntes	181.838,36	0,00
5.	Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6.	Investimentos reais	238.149,11	50.000,00
7.	Trans. de capital	23.679.568,39	22.735.856,18
8.	Activos financeiros	0,00	0,00
9.	Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:		**27.461.978,46 €**	**22.825.856,18 €**

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo		**Altas**
1.	Impostos directos	0,00
2.	Impostos indirectos	0,00
3.	Taxas e outros ingresos	0,00
4.	Transferencias correntes	0,00
5.	Ingresos patrimoniais	0,00
6.	Enaxenación investimentos reais	0,00
7.	Transferencias de capital	0,00
8.	Act. Finan. (Reman. Tesourería)	4.636.122,28
9.	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:		**4.636.122,28 €**

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2019 exceden do límite establecido na regra de gasto no Plan económico-financeiro 2018-2019 deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio neste mes, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

7.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións nominativas, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar. "

42.- APROBAR A MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da Base 49ª de execución do orzamento provincial do exercicio 2019, quedando a súa redacción como segue:

"BASE 49ª.- RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN
De conformidade co disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL), no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA), nos artigos 12 e 13 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), no artigo 18 do Real decreto-lei 24/2018, do 21 de decembro, de medidas urxentes na materia de retribucións no ámbito do sector público e no Acordo plenario do 23 de xullo de 2019.

1.- Retribucións dos membros en réxime de dedicación exclusiva en cómputo anual

Presidencia	71.523,20 €
Vicepresidencia	63.000,00 €
Deputados/as con exclusiva total	60.426,57 €
Deputados/as con dedicación exclusiva parcial	30.213,28 €

Nesta Corporación hai 13 deputados/as con dedicación exclusiva total e 2 deputados con dedicación exclusiva parcial, de conformidade co acordo aprobado no punto 11 da sesión organizativa adoptada polo Pleno do día 23 de xullo de 2019.

As cantidades asignadas aos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou media dedicación percibiranse mensualmente na parte que corresponda.
Estas cantidades revisaranse anualmente a partir do 01/01/2020 e actualizaranse na mesma porcentaxe na que aumenten ou diminúan de forma xeral as retribucións básicas dos funcionarios de carreira do Grupo A1.

2.- Indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial.

Pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva ás sesións de órganos de goberno da Deputación provincial, os membros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes:

Sesións plenarias: 591,00 euros.
Sesións da Xunta de Goberno: 370,00 euros.
Reunións das Comisións informativas: 370,00 euros.

Cando coincidan no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia, polo que se tomará en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva. Para tal efecto os deputados provinciais presentarán a relación das asistencias, e dos gastos de locomoción soportados para a concorrencia efectiva as sesións formalmente convocadas, no modelo que lles será proporcionado polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

A relación citada, xunto cos xustificantes oportunos de gasto e pago, formularase no prazo máximo dos dous meses seguintes ao seu devengo, para a súa tramitación e pago.

Ningún deputado poderá percibir máis de CATRO asistencias ao mes por sesións das Comisións informativas, agás as do mes de setembro e aqueloutras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior. Así mesmo, ningún deputado poderá percibir máis de dúas asistencias ao mes por sesións da Xunta de Goberno, agás as do mes de setembro, e aqueloutras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior.

3.- Asistencias a sesións formalmente convocadas da Xunta de Portavoces, da mesa de contratación e das comisións de traballo ou tribunais de valoración dependentes desta Corporación.

Todos os membros da Corporación que se designen formalmente para formar parte de comisións de traballo, mesa de contratación ou tribunais de valoración de subvencións ou premios convocados por órganos dependentes desta Corporación, percibirán pola asistencia ás sesións formalmente convocadas que se celebren, as cantidades dispostas no anexo 4º, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan, cando así se determine expresamente no acordo ou resolución de nomeamento.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva, que só percibirán os gastos de locomoción cando as sesións se desenvolvan fóra da xornada laboral.

Estas percepcións serán compatibles coas retribucións asignadas aos membros da Corporación con dedicación exclusiva, que só percibirán indemnizacións pola asistencia a sesións convocadas e realizadas integramente fóra da xornada laboral. No caso de deputados sen dedicación exclusiva, cando coincida unha sesión da Xunta de Portavoces/as, da Mesa de Contratación, da comisión de traballo ou tribunais de valoración coa sesión dun órgano colexiado provincial, só se percibirá a axuda de custo por asistencia a sesión do órgano colexiado da Deputación provincial descrita no apartado segundo desta base.

4.- Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizo encomendadas a cargos electos.

En materia de indemnización por comisións de servizos rexerá o Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan coas particularidades seguintes:

> a) Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.
> b) Por manutención aboarase tamén o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que o xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas para o efecto, dentro dos límites de aplicación aos funcionarios do grupo A1.
> c) Cando a comisión de servizos de cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaráselles a todos eles o réxime de indemnizacións establecido neste apartado para os cargos electos."

SEGUNDO.- Aprobar a modificación da Base 64ª de execución do orzamento provincial do exercicio 2019, quedando a súa redacción como segue:

"BASE 64ª.- ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno do 23 de xullo pasado acordou, despois da dotación orzamentaria correspondente e o seu regulamento nas bases de execución do orzamento, fixar unha dotación para o financiamento dos grupos políticos provinciais cos seguintes compoñentes:

Fixo: Dous mil euros ao mes a cada grupo político.
Variable: Cincocentos euros por deputado ao mes.
Partindo da composición política actual da Corporación provincial resulta o que segue:

Grupo Político	Nº	Contía variable	Contía fixa	Total mes	Total trimestre	Total semestre	Total ano
PP	14	7.000,00	2.000,00	9.000,00	27.000,00	54.000,00	108.000,00
PSOE	11	5.500,00	2.000,00	7.500,00	22.500,00	45.000,00	90.000,00
BNG	4	2.000,00	2.000,00	4.000,00	12.000,00	24.000,00	48.000,00
Alternativa dos Veciños	1	500,00	2.000,00	2.500,00	7.500,00	15.000,00	30.000,00
Marea Atlántica	1	500,00	2.000,00	2.500,00	7.500,00	15.000,00	30.000,00
Totais	**31**	**15.500,00**	**10.000,00**	**25.500,00**	**76.500,00**	**153.000,00**	**306.000,00**

No cumprimento do devandito acordo plenario procede regulamentar o réxime xurídico, económico e de xestión da asignación dos grupos políticos provinciais, que será o sinalado nas seguintes regras:

1. Cada grupo político terá de solicitar na Axencia tributaria do estado o número de identificación fiscal coa denominación de "Grupo provincial …"
2. Abrir unha conta bancaria ao nome do grupo e baixo o devandito número de identificación fiscal.
3. Nomear a un membro do grupo coma autorizado para dispoñer dos fondos da conta bancaria e responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións tributarias que procedan e dar conta da xestión económica para o efecto de xustificar o destino dos fondos acadados.
4. Os grupos provinciais terán que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que poñerán ao dispor do Pleno nos termos sinalados na presente base. Admitiranse uns rexistros contables por "partida simple" e a aplicación do principio de caixa. O procedemento da partida simple consiste en levar conta das operacións económicas das entradas e saídas e as dispoñibilidades do diñeiro. O principio de caixa supón a imputación dos ingresos e gastos no momento no que produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Os libros de contabilidade que hai que utilizar serán: libro de gastos, ingresos e caixa. Nos libros de gastos e ingresos rexistraranse por orde cronolóxica todas as operacións relativas a eles en función da súa natureza:

Data	Nº operación ingreso (gasto)	Concepto	Importe

No libro de caixa rexistraranse as entradas e saídas do efectivo, consignando as primeiras no debe e as segundas no haber, resultando deste xeito as existencias do efectivo en cada momento ou saldo.

Nº operación ingreso	Nº operación gasto	Concepto	Debe (ingresos)	Haber (pagos)	Saldo

5. O responsable contable do grupo terá de conservar a documentación xustificativa dos gastos, pagos e ingresos do grupo polo tempo que se fixe e por disposición dos órganos de control interno e externo que o precisen no exercicio das súas funcións legais esa documentación, así coma os seus rexistros contables e bancarios.
6. Esta asignación non será compatible co financiamento público ou privado para a mesma finalidade, nin aplicarse ao financiamento dos partidos políticos presentes na Corporación provincial. Excepcionalmente poderán atender os gastos de funcionamento do grupo político que se xestionaron a través do partido político cando se dean as seguintes condicións:
   a. Achegar copias cotexadas dos xustificantes do gasto e do pago efectuado polo partido político.
   b. Incorporar o informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial poñendo de manifesto a relación do gasto imputado coa actividade do grupo.
   c. Informe-memoria do responsable da Contabilidade do Partido Político no que se poña de manifesto o criterio de imputación de custos establecido para a atribución do importe correspondente aos gastos de funcionamento do grupo político provincial, determinado conforme as normas e principios contables de aplicación

7. Os grupos políticos non poderán ter a condición de empresario ou empregador, á que se refire o artigo 1 do Estatuto dos traballadores (Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo), en ningunha relación individual de traballo.

8. A dotación económica concedida poderase destinar ás seguintes clases de gastos:

202	Arrendamento de edificios e outras construcións
204	Aluguer de material de transporte
205	Aluguer de mobiliario e aveños
206	Aluguer de equipos para procesos de información
220.00	Material de escritorio común non inventariable
220.01	Prensa, revistas, libros e outras publicacións
220.02	Material informático non inventariable
222	Comunicación (todos os subconceptos)
223	Transportes
226.01	Atencións protocolarias e representativas
226.02	Publicidade e propaganda
226.04	Xurídicos
226.06	Reunións e conferencias
227.02	Traballos de valoracións e peritaxes
227.06	Estudos e traballos técnicos
227.99	**Outros traballos profesionais**

Os gastos aplicables a cada concepto serán os que se describen na Orde de EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais

9. Para os efectos dispostos polo artigo 73.3 da Lei 7/1985 terán a consideración de activos fixos de carácter patrimonial, todos os bens que reúnan algunha das seguintes características:

- Que non sexan bens funxibles.
- Que teñan unha duración previsiblemente superior ao exercicio orzamentario.
- Que sexan susceptibles de inclusión no inventario.
- Ser gastos que previsiblemente non sexan reiterativos.

10. Cando o contrato formalizado polo grupo supere o importe disposto no artigo 138.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro) (contratos menores) terá que acreditar solicitar polo menos tres ofertas de distintos contratistas.
11. Admitiranse como xustificante dos gastos as facturas ou recibos nos que se identifique o concepto, importe, provedor e grupo político destinatario e cumpran o contido disposto na lexislación tributaria (artigos 6 e 7 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, regulador dos deberes de facturación). As facturas simplificadas e os tíckets dos establecementos comerciais só serán admitidas nos supostos dispostos no artigo 4 do Real decreto 1619/2012.
12. Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gastos haberá que achegalos como xustificación do destino dado aos fondos librados anticipadamente como “pagos que hai que xustificar”.
13. O pagamento será trimestral e terá a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixirán a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos primeiros dez días do mes de decembro de cada exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.
14. Os pagamentos terán de facerse utilizando uns medios -transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, talón bancario ou cheque nominativo- que aseguren o seu rexistro na conta bancaria do grupo e a identificación do seu destinatario. Só, excepcionalmente, se admitirá o pago en efectivo para importes inferiores a cen euros e sempre deixando constancia documental da efectividade do pago ao terceiro debidamente identificado.
15. Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do presidente.
16. A documentación xustificativa dos pagos aos grupos e a súa tramitación publicarase no Portal da transparencia da Deputación co contido permitido pola lexislación vixente.
17. Informarase o Pleno provincial dos importes satisfeitos e os xustificados durante o exercicio económico, con ocasión da presentación da liquidación anual dos orzamentos."

TERCEIRO.- Dispor a exposición ao público dos acordos iniciais de modificación das Bases 49º e 64º de execución do orzamento provincial do exercicio 2019 polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/1990 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerараnse definitivamente aprobadas.

O texto definitivo das Bases citadas publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e nos artigos 169 e 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais."

43.- APROBAR INICIALMENTE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NA RESIDENCIA DE ESTUDANTES DO IES CALVO SOTELO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a modificación da ordenanza Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NA RESIDENCIA DE ESTUDANTES DO IES CALVO SOTELO: artigo 4.1, coa seguinte redacción:

ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS NA RESIDENCIA DE ESTUDANTES DO IES CALVO SOTELO

Artigo 4. - Contía

1.- As tarifas do prezo público serán as seguintes:

a) Residencia, 217,70 €/mes

b) Media-Pensión 5 días, 64,75 €/mes
Media-Pensión 4 días, 51,80 €/mes
Media-Pensión 3 días, 38,85 €/mes
Media-Pensión 2 días, 25,90 €/mes
c) Tique comedor, 4,90 €/día

2.- O acordo que se adopte ao respecto, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establece o artigo 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.
Unha vez aprobado definitivamente, publicación íntegra do acordo e da modificación da ordenanza Nº 12 reguladora do prezo público por servizos na residencia de estudantes do IES Calvo Sotelo.

3.- Entrada en vigor:
a) Se non se producisen reclamacións, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo e o texto completo da modificación da ordenanza, transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, a ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2020.
b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, e unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo e o texto completo da modificación da ordenanza, transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local. "

44.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Cedeira na sesión plenaria do 31 de xaneiro de 2018, en relación coas seguintes materias:
1.) Recadación voluntaria e executiva da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.
2.) Recadación voluntaria e executiva da taxa polo aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.
2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a

prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Antes de nada, unha breve intervención sobre o debate das mocións. Hai as mocións que entraron dentro da orde do día ordinaria, antes de que se configurara a propia orde do día, e logo hai unha serie de mocións que entraron fóra da orde do día, polo tanto, hai que declarar no seu momento, chegados a ese punto, a urxencia, pero como son, forman parte do mesmo debate que outras que se presentaron en tempo e forma, debateremos se lles parece aos señores e señoras deputadas conxuntamente os temas e logo posteriormente votaremos cada unha delas por separado.

A primeira en presentar foi unha moción do Grupo Provincial Popular relativa á central térmica das Pontes que xa pode pasar a defender a portavoz do Partido Popular.

I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR RELATIVA Á CENTRAL TÉRMICA DAS PONTES

Sra. Aneiros Barros

Grazas a todos. Con carácter previo gustaríame en canto ao texto do documento que se presentou introducir unha emenda de adición, un punto máis que quixéramos incorporar ao acordo que se formula, e que é que O Pleno da Deputación da Coruña inste ao Goberno do Estado para a adopción de catro puntos que se incluíron no documento, pero gustaríanos incorporar un máis que é do seguinte teor: "A supresión do céntimo verde para o carbón, ao igual que se ten realizado para outras tecnoloxías, como é o caso do gas, garantindo deste xeito a neutralidade tecnolóxica".

Sr. Regueira Varela

Se lle parece pódenos pasar o texto da emenda, en todo caso eu entendo que a emenda presentada polo mesmo Grupo que presenta a moción é aceptada polo Grupo, non sei se se pode votar xa a moción coa emenda engadida. Vostedes o que propoñen é que a moción se vote xa con esa emenda engadida. As emendas hai que presentalas con vinte e catro horas, estame dicindo aquí a secretaria, pero damos por presentada a emenda, por adicionada a propia moción, e entendo que a votación ao respecto será coa emenda incluída.

Sra. Aneiros Barros

Desde este Grupo, o Grupo Popular presentamos esta moción para trasladar a este Pleno, o Pleno da Deputación, unha preocupación, unha preocupación que sentimos por numerosas familias que están vivindo unha situación moi preocupante, familias desta provincia en xeral e familias, en concreto e en particular, da comarca de Ferrolterra, do Eume e de Ortegal. E cal é a preocupación que sentimos?, pois é a de nin máis nin menos que setecentas persoas, setecentas familias que dependen dunha central térmica, a central térmica de Endesa, a central térmica das Pontes, que curiosamente é o maior grupo termoeléctrico con carbón de España, e que leva case cinco meses paralizado.

Setecentos traballadores da propia central, traballadores das empresas auxiliares, e aproximadamente cento cincuenta transportistas, e gustaríame mencionar expresamente este sector, o do transporte, un sector especialmente castigado neste momento posto que, desde que se parou a actividade da central, simplemente non poden traballar, non poden levar un soldo aos seus fogares, a pesar de ter que facer fronte igualmente aos seus gastos e, en moitos casos, a uns custos derivados da adquisición de camións novos, de novos investimentos, para adaptarse aos requirimentos, ás necesidades esixidas pola propia empresa. Uns camións que en moitos casos están pagando pero que están parados porque non poden transportar o carbón desde Ferrol á propia central.

Unha situación, como entenderán, límite, límite a destes transportistas que os levou, de forma totalmente xustificada, a iniciar mobilizacións e incluso a protagonizar encerros en distintos concellos como o Concello de Vilalba e como o Concello precisamente do que é alcalde o presidente desta Deputación, do Concello das Pontes, e tamén do Concello de Ferrol.

Pero esta preocupación non só se centra nisto que acabo de relatar, porque tamén estamos preocupados pola repercusión que este parón ten para a economía galega, pero en especial para a economía desta comarca, porque a redución drástica deste transporte, do transporte do carbón, ten unha incidencia moi grave para un dos que se pode considerar un dos grandes motores da comarca, como é o Porto. O certo é que o 60% do total das toneladas que se moven en Ferrol, no porto de Ferrol, correspondente ao carbón, polo tanto, podemos facernos unha idea do que isto suporía, se se mantén esta situación, o que isto pode supor para a autoridade portuaria de Ferrol e para os centos de familias que dependen dela e das empresas que traballan neste porto, e por iso estamos especialmente preocupados, moi preocupados, e preocúpanos en concreto que estea paralizada precisamente unha central térmica que xera emprego e que xera riqueza para esta comarca, e curiosamente unha central que leva desde o ano pasado nun proceso de adaptación á unha directiva europea, unha directiva de emisións industriais, co investimento, nada menos de 217 millóns de euros, esa central que está investindo máis de 200 millóns de euros, hoxe está paralizada, e é máis, incluso coñecemos que parte dese investimento tamén está paralizada. E todo iso derivado da política improvisada do Goberno central, dunha política do goberno socialista, que asiste a toda esta situación dramática, desde logo, para tantas familias sen adoptar ningún tipo de solución que dea garantías, que dea seguridade a todas estas persoas e a economía dos concellos afectados. E non soamente vemos a improvisación e a pasividade do Goberno central, senón tamén a adopción de medidas prexudiciais, medidas lesivas, como é o caso desa exención adoptada polo Goberno socialista, polo Goberno central, o pasado ano de eximir do denominado imposto especial sobre hidrocarburos, o que coñecemos como céntimo verde, suprimilo para o gas, pero en cambio non facelo para o carbón, rompendo deste xeito cun principio fundamental, como é o principio de neutralidade tecnolóxica, e abandonado por tanto a todas estas familias que viven deste sector e que viven, por tanto, tamén, da central térmica das Pontes. Unha política enerxética a deste goberno que só xerou nestes tempos incerteza e inseguridade para toda a nosa comarca.

As medidas que inclúen a moción que presentamos son medidas que, desde logo, son xustificadas, son consensuadas cos traballadores e, por iso, pedímoslle aos Grupos que teñen representación nesta Deputación, o apoio, medidas como a supresión do céntimo verde para evitar precisamente esa discriminación, como a adopción de mecanismos de compensación de pagos por capacidade, como exencións para as centrais térmicas do carbón, que están en proceso de adaptación, como é o caso da central das Pontes, e a fixación dunha retribución específica nos casos en que se estea utilizando outros recursos, como é o caso da biomasa forestal.

É unha situación preocupante, é unha situación límite e, polo tanto, pido o apoio dos demais grupos para que isto saia adiante e para chamar a atención do Goberno central e que empece a adoptar medidas que lle poñan fin a esta situación. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Non sei se por parte dos propoñentes da moción que posteriormente se debaterá se quere facer algunha intervención ao respecto, e despois abrimos xa o debate entre todos os Grupos.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós compartimos co Partido Popular esa preocupación loxicamente, moitos dos que estamos aquí ademais temos responsabilidades de goberno nesa bisbarra, si que é certo que nos gustaría que o Partido Popular mantivese sempre esa preocupación polo sector das térmicas e non só cando non goberna en Madrid, porque cando no ano 2017 se pedía no Parlamento galego que se defendera os fondos para o plan de carbón anulados no 2011 polo goberno de Mariano Rajoy, 72 millóns de euros, que ían parar a dezaseis concellos das comarcas mineiras de Galicia, o Partido Popular votaba que non, polo tanto, estaría ben que se defendemos un sector como este, os postos de traballo, e a riqueza que xera nas nosas comarcas, que pensa que iso ninguén o dubida dos que estamos aquí sentados, o fagamos sempre independentemente de quen goberna. E por que digo isto tamén?, porque na súa moción botamos en falta, se ben compartimos os acordos da moción, si que botamos en falta algún outro dos que están plasmados na nosa, e na argumentación que nos acaba de dar a compañeira do Partido Popular en defensa desa moción, tamén botamos en falta algunha cuestión.

Reducir o debate das térmicas a unha cuestión simplemente do Goberno de España é simplificar demasiado o problema, desgrazadamente penso que é simplificalo cunha intención política, e iso é o que non me gusta nunha moción, ou nun asunto de vital importancia como este. Por que o digo?, porque vostede obvia na súa intervención, por exemplo, unha cuestión que ten moito que ver, e que incide directamente nesta problemática, e que é o feito de que a Unión Europea autorizase recentemente que os fondos de investimento poidan comprar cota de emisión de CO2, algo que ata o de agora non sucedía, e iso fíxoo a Unión Europa onde o Partido Popular europeo tiña unha maioría e, polo tanto, tomaba gran parte desas decisións. Así que sería tamén necesario incidir en que as institucións europeas que estaban rexidas en gran medida polo Partido Popular europeo, pois non adoptasen medidas tan raras, porque penso que a ninguén lle parecerá moi lóxico, que un fondo de investimento, que non é unha térmica que non emite ningún tipo de gas, poida comprar dereitos de emisión, porque desde logo o que se está a facilitar con iso é precisamente que se faga un mercado, ou que se comercie cuns dereitos que ao final inciden directamente e de forma moi negativa nas térmicas, porque o que está a facer eses fondos de investimento é compralos a un prezo e revendelos a outro. Ata que non había ese problema as térmicas ían comprando dereitos de emisión e íase mantendo a actividade sen ningún tipo de problema, pero efectivamente, ese feito que acabo de comentar, engadido a todo aquilo que vostede deixou moi claro e cristalino na súa intervención, están detrás desta problemática. Por tanto, si que pediría un pouco máis de altura de miras, non mirar tanto a cuestión político partidista, que está moi ben, e estamos seguramente nas portas de xa saben vostedes o que, pero sería moi importante que se estamos de acordo e realmente nos preocupa a situación desa bisbarra, a situación económica, deixemos aparcada a un lado esa visión partidista, e ao goberno do Estado haberá que reclamarlle aquilo que lle compete, que é moito, e efectivamente hai cuestións que eu comparto, que vostede dixo, tamén da Xunta de Galicia, que é unha cuestión que está incorporada na nosa moción, axudas directas, como se fai por exemplo na Comunidade Autónoma de Aragón, hai dúas liñas, unha para concellos, pero igual non tería que ser esa, pero si outra para grandes industrias eléctricas, que axudarían, por exemplo no caso de

Meirama, xa non só das Pontes, esa transición que teñen que acometer para poder garantir a estabilidade e o funcionamento desas plantas. E tamén da Xunta de Galicia, que é o primeiro punto da moción que presentamos, unha cuestión xa máis técnica, a axilidade e a facilidade á hora da obtención dos permisos que son necesarios, no caso das Pontes, para ese proxecto que ten un pouco en marcha a empresa, e que sería, digamos, o que garantiría a estabilidade e o funcionamento da planta máis alá incluso das datas de finalización de utilización do carbón que establece a Unión Europea, con esa política de economía circular, na que non teriamos por que queimar o carbón, poderíamos queimar por exemplo os lodos que se sacan de Nostián, que teñen o mesmo poder calorífico pero que contaminan moito menos.

Pois ese é un exemplo dunha das propostas que hai sobre a mesa, que depende en grande medida de autorizacións sectoriais de organismos que dependen, vaia a redundancia, da Xunta de Galicia, e que sería tamén importante que desde o goberno autonómico se botara un cabo a ese respecto, e espero que así sexa.

Polo tanto, repito, e de forma de resumo, a súa moción compartimos moitos aspectos, si que a vemos coxa noutros que entendemos que deberían de estar tamén presentes nela, e que foron incorporadas na moción que presentamos conxuntamente co Bloque Nacionalista Galego. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, vaia por diante tamén o noso apoio aos traballadores de Endesa que se atopan agora nesta situación de incerteza, tamén aos transportistas, e tamén, por suposto, aos que se manifestaban hai escasamente un mes nas rúas das Pontes para reclamarlle á empresa a mellora do convenio laboral, do seu convenio colectivo, unha figura xurídica de defensa dos traballadores que foi eliminada, como todos saberán, na reforma laboral de 2012, protagonizada polo Partido Popular, que hoxe reclama aquí nun alarde de, non sei explicalo, demagoxia, en nome dos traballadores que, finalmente, actuemos por vía da bonificación a unha empresa privada que declarou no ano 2017 1.417 millóns de beneficios, 1.417 millóns de euros de beneficios, duns ingresos totais de por riba dos 20.000 millóns de euros. Unha empresa que, xunto con Naturgy e Iberdrola forma parte do coñecido como oligopolio que explota case en exclusiva o mercado eléctrico español, tal e como é denunciado por un instituto que non é sospeitoso de esquerdista, como é a CNMC, o tribunal para regular as cuestións de competencia no mercado, que di que aproximadamente elas se reparte un 90% do mercado e que estamos pagando pola enerxía uns prezos, uns sobrecustes enormes, en referencia, por exemplo, aos mercados da nosa proximidade, o europeo, ou nomeadamente tamén o francés, como se puxo de manifesto hai pouco tempo coa crise de Alcoa, que eu creo que dalgunha maneira destapou o fracaso dun modelo neoliberal e xestión dun recurso estratéxico como é a enerxía. A liberalización deste mercado no ano 97, protagonizada por aquel goberno de Aznar, lonxe de propiciar unha baixada de prezos unha vez que se activase esa competencia entre as empresas, o que facilitou foi un reparto amigable do mercado, un monopolio, cartel, que se diría antes, desas tres grandes, que se reparten amigablemente as empresas, perdón, o mercado, e que ademais en caso de que os seus ingresos no se axusten as súas expectativas, sempre teñen o recurso a que un político de quenda, inventándose sabe deus que taxa, motivada por sabe deus que cuestións de rendibilización de, neste caso, unha central térmica, teñamos todos finalmente que pagar toda esa insondable maraña de taxas encubertas para beneficiar a este oligopolio da cal, por certo, ningún dos partidos que falou antes se ocupou de atallar. No caso do Partido Popular, en absoluto, realmente é o orquestador desta mafia, por ser un pouco esaxerados, que é a xestión do mercado da enerxía en España, tamén hai coincidencias que tal vez sexa eu creo que sospeitosas, un dos presidentes de Endesa foi, como todos saberán Manuel Pizarro, en definitiva deputado distinguido no seu momento do Partido Popular, ou tamén a relación máis que estreita do propio José María Aznar, tamén con esta enerxética. Cuestións de gran corrupción, e non de

corrupción miúda, aínda que tamén, por suposto, completamente legal, aínda que non diría eu que, exactamente ética.

O último caso desta longa estadea, longa santa compaña de políticos cruzados con enerxéticas, que foi José Manuel Soria, recordarán vostedes, o ministro infausto do imposto ao sol, estamos falando dun proceso de transición para unha economía non dependente do carbón, desde logo esta medida do infausto José Manuel Soria non ía por aí, non ía pola potenciación das renovables, ao contrario, ía pola potenciación das de sempre, das enerxéticas vinculadas, por suposto, con combustibles fósiles e que, eu creo que o seu tránsito da pública á privada foi paralizado por mala sorte cando o desvelamento dos famosos Panamá papers, que acabaron coa súa carreira política, que aventuramos que tería continuidade nalgunha destas grandes enerxéticas.

Indo xa aos puntos máis concretos, estamos a favor dese punto catro aquí exposto, que é facilitar a participación da Xunta nesa comisión de valoración, eu entendo que si que sería bo que a administración autonómica tivese un rol valorando a viabilidade, a continuidade da empresa, pero botamos en falta, ademais de todo o exposto anteriormente, destes motivos xerais que expuxemos anteriormente, botamos en falta cuestións moi relevantes como un plan de viabilidade e de transición, é dicir, imos cara a un horizonte postcarbón, hai que deixarse de facer demagoxia e saber que imos ter que afrontar custos determinados, e eses custos determinados é que efectivamente Europa impón ese peche, ou ese final para 2030 dese tipo de produción, e polo tanto, é responsable que os políticos co tempo preciso vaian apurando esa transición cara a ese outro modelo e que esa transición, por suposto, teña en conta o compoñente social, é dicir, que non perdamos un só posto de traballo, menos aínda cando estamos falando de auténticos oligopolios que declaran beneficios, repito de 1.417 millóns, e contra os cales se manifestaron os traballadores desta empresa nas Pontes hai escasamente un mes porque vulneraba o seu dereito á mellora e negociación do convenio colectivo, por todo isto votaremos en contra.

Sr. García Seoane

Moi breve. Lamentablemente, unha vez máis, non vai ser a última hai un desmantelamento da industria no noso país, en Galicia, na nación española, pero isto é lamentable. Eu sei que a todos os que estamos aquí, eu creo que nos doe, pero que facemos os que estamos aquí? Creo que isto nada máis que se basea nunha loita na rúa porque non hai outra loita, a loita dos despachos xa está amañada, goberne quen goberne en Madrid, ou goberne quen goberne en Santiago, ou en Roma, en Roma o Papa sempre, os mesmos, pero nese aspecto lamentablemente pouco cambia, aquilo do mesmo can, distintos colares, para este tema, a nivel internacional, estamos nas mans dos monopolios, nas mans dos que compran e venden a políticos, que compran gobernos e, polo tanto, eu creo que lamentablemente estaremos lamentándonos dentro de tres anos, dous anos, que As Pontes se foi ao garete, lamentablemente, por que? porque os intereses neste momento van por outros camiños, as novas tecnoloxías, o que eles saben, o que eles saben que queren e onde poden roubar máis tranquilos.

Polo tanto, a miña postura, xa digo, de apoio indubidablemente ás familias, aos traballadores, pero lamentablemente isto nada máis que se amaña con guerras de rúa.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día. Nós podemos compartir as propostas que se contemplan como acordo en calquera das dúas mocións. O que si que nos gustaría enmarcar é que estas mocións chegan aquí hoxe cando se dá unha situación de emerxencia na comarca. Máis dunha vez vemos como a dependencia, neste caso da central térmica, a nivel económico, tanto da comarca do Eume, Ortegal e Ferrol, sinalaba antes como a deputada do PP como esta situación tamén vai

ter impacto en efecto dominó tamén cara ao porto, a emerxencia que supón, e daquela nós o que queriamos sinalar é que, unha vez máis, vemos como as empresas se asentan no noso territorio moitas veces por decisións políticas, hai que lembrar que a compañía Endesa foi unha empresa pública do sector de produción de enerxía, que unha vez esgotado este proxecto as empresas marchan e a poboación queda a expensas de decisións de última hora e solucións improvisadas.

Para nós parécenos importantísimo ter en conta, efectivamente, todo ese sector de familias do transporte, de hostalería, todo ese tecido de traballo dependente do movemento do carbón cara ás Pontes e, polo tanto, non poderiamos doutro xeito que apoiar estas medidas, pero que si sería importante que aqueles que toman as decisións políticas, tanto a nivel do Estado como a nivel europeo, se teña en conta estas realidades antes de chegar a estas situacións tan dramáticas.

Sra. Aneiros Barros

Moitas grazas, gustaríame facer algún comentario respecto das cuestións que se comentaron neste salón.

A verdade é que en canto ao portavoz da Marea, chama a atención que fale neste Pleno de demagoxia, eu creo que a demagoxia é que un partido como o seu, ou ben, os seus, porque agora a denominación dos seus partidos e as súas divisións xa nos fixo perder realmente cal é o norte de todos estes movementos, de mareas, o certo é que o que é unha demagoxia é que vostedes, que son os que estaban ao lado da xente do común, sexan capaces de votar en contra desta moción, iso si que é unha demagoxia. É unha demagoxia que vostede neste Pleno veña falar dos beneficios, das empresas, dos políticos, de nomes, pero en cambio se esqueza de falar de realmente o sufrimento de setecentas familias, dos traballadores que realmente non teñen un salario que levar á súa casa, que teñen que chegar a final de mes e pagar os seus gastos ordinarios e aínda enriba o investimento por uns camións que teñen paralizados, iso é realmente demagóxico, non poder poñerse na situación de todos eses traballadores. Desde logo, eu non sei se vostede sería capaz de mirarlle aos ollos a todos e cada un destes traballadores e as súas familias, e manterlles, desde logo, a mirada, porque desde logo se calquera deles o escoitara, creo que o único que sentiría é unha maiúscula decepción.

A vostede preocúpalle o futuro das Pontes?, vostede non nomeou tampouco a situación de Meirama, a vostedes preocúpanlles todos estes temas?, porque realmente a súa intervención o que pon de manifesto é máis ben o contrario. En canto á intervención do portavoz do Partido Socialista, podo entender a preocupación que teñen no seu partido por este problema.

A verdade é que o que tamén lamento é que se este Grupo provincial non tivese presentado esta moción, hoxe, a pesar do que se está a vivir fóra, non estariamos falando da problemática que hai nas Pontes, e do impacto económico que pode ter na comarca, e incluso na nosa Comunidade Autónoma, igual que lamento que quizais en vez de presentar unha moción individual entre, neste caso o Partido Socialista e o BNG, ao mellor podería ter sido máis elegante, e tería demostrado un maior apoio de todos cos traballadores, precisamente buscar o consenso e buscar a unión nunha única moción, en vez de presentar, como tiveron vostedes presentado unha individual. Pero realmente enténdoo, enténdoo porque despois de ler o texto que presentaron, está claro que xa non nos chama a atención porque se en algo son vostedes expertos en desviar a atención e intentar escorrer as súas responsabilidades, porque se nos fixamos na súa intervención a maior parte do tempo dedicouna a falar da responsabilidade da Xunta de Galicia e incluso da Unión Europea, pero pouco, moi pouco, ou case nada, da responsabilidade do Goberno de Madrid, que curiosamente está gobernado

polo Partido Socialista aínda que non sabemos moi ben ata cando, por iso nos chama a atención.

Pero mire, vostede que fala dos principios políticos e demais, nós non temos ningún inconveniente en subscribir, en apoiar, a moción que vostedes presentaron instando tamén á Xunta de Galicia, aínda que tamén lle digo que nos chama poderosamente a atención, sobre todo o segundo punto, onde requiren á Xunta de Galicia, entre outras cousas, para que adopte un plan para reactivar económica e socialmente Cerceda. Iso é o que vostedes presentan, é o que vostedes piden exonerando a súa responsabilidade, despois de ter decidido vostedes, o seu Partido, en Madrid, terse cargado literalmente o Plan Ferrol.

Chama a atención que vostedes nin sequera sexan capaces de asumir a parte de responsabilidade que teñen nisto, e incluso van máis atrás. Mire, en 2018, hai nada, case antes de onte, a central das Pontes decide acometer un investimento nesa central térmica de 217 millóns de euros, é evidente que unha empresa non decide facer un investimento de máis de 200 millóns de euros se non ve un futuro, se non ve un escenario favorable para esa central térmica. En 2018 empeza a acometer este investimento, e vostedes chegan a gobernar e adoptan medidas como, por exemplo, esa supresión do céntimo verde para o gas. Iso provoca unha discriminación evidente que pon nunha situación moi crítica ao sector do carbón, e esa é unha situación que adopta o seu goberno, o Goberno socialista en Madrid, da que vostedes son responsables e pola que estamos pedindo que se adopten estas medidas, e desde entón o que temos diante é que non sabemos que vai pasar coas Pontes, non sabemos que vai pasar con esa central, o que sabemos é que está paralizada desde hai case cinco meses, e iso terá algo que ver coas decisións do seu Partido, coas decisións do goberno central. E sabemos cal é o futuro de Meirama, creo que todos o sabemos, e tamén terá moito que ver coas decisións do Goberno socialista de Madrid.

Pero vostedes seguen escorrendo o vulto, e dicíalles que incluso formulan ese Plan de reactivación, logo de cargarse o Plan Ferrol, e dicíalles que o Plan Ferrol foi un bo exemplo, porque procede da política socialista da reconversión, porque creo, e podo dicilo sen ningún tipo de rubor, que as políticas do Partido Socialista, desde logo coa comarca de Ferrolterra, sempre son bastante nefastas, tanto o foron co sector naval que nas reconversións navais que sufrimos, as reconversións industriais que sufrimos en Ferrol sabemos onde nos levaron grazas ás políticas do seu Partido, e agora o novo castigo é a central térmica das Pontes.

Dito o cal espero que esta moción non se quede nunha simple manifestación dunha vontade política, que se adopten medidas que dean unha situación de certeza a todas estas familias, a todos estes traballadores que están nunha situación insoportable, e que poden ter uns efectos moitísimo peores.

Apelo ao presidente desta Deputación, casualmente tamén alcalde das Pontes, a que vaia a Madrid e que traia algo máis que a convocatoria, ou a promesa, o compromiso, de crear comisións de traballo, mesas de traballo. Agardamos que, desde logo, entre todos se poida facer o suficiente como para poñerlle fin a esta situación. E desde a Xunta de Galicia hai que adoptar medidas, desde logo, nós tamén as reclamaremos, polo ben da comarca, polo ben das súas familias, e polo ben de toda a economía de Galicia. Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Eu creo que se aquí se están expedindo carnés de agora mesmo de en que lugar está cadaquén, se cos traballadores ou coas empresas, eu direille que cando o seu Goberno en 2012, por vía decreto, reformou o mercado laboral, eu estaba na parte dos que foron multados por manifestarse contra esa reforma, e vostede estaba doutro lado. Entón, a verdade é que leccións do Partido Popular na defensa dos dereitos dos traballadores ningunha, non lle permito a vostede ningunha, en serio, non é unha cuestión persoal, non veño aquí a facer profesión nin autos de fe sindicais, nin autos de fe proletarios, pero señora, a verdade é que

non me pode dar vostede a min ningún tipo de lección neste aspecto. E se quere vostede que lle explique a quen vostede indica, non hai ningún problema en facelo.

Eu o que quero dicir é que se vostede me está dicindo a min que o xeito de asegurar a continuidade da térmica das Pontes é que a unha empresa que declara 1.400 millóns de beneficios, e 20.000 millóns de ingresos, restarlle a bonificación do céntimo que paga pola emisión do carbón, porque efectivamente o carbón emite máis que o gas, esa é a diferenza, non é unha diferenza tecnolóxica, é unha diferenza doutro tipo, eu non llo creo. Se vostede me está dicindo a min que esa é a solución, a verdade, non sei a quen vostede pretende enganar, se a si mesma, a min, ou a esta sala, pero realmente vostede pensa que a bonificación do céntimo verde importa moito no balance anual de contas dunha empresa que declara máis de mil millóns de euros, ou vinte mil millóns de ingresos?, en serio estame contando vostede isto a min? Non sei, cadaquén a verdade é que se consola como quere, entendo que vostede podería ter unha perspectiva, non vou entrar aquí no pimpón entre vostedes e o Partido Socialista sobre quen o fixo peor en cuestión do mercado enerxético español, pero desde logo os que empezaron foron vostedes coa liberalización do mercado, que non tivo máis efectos que asegurar uns beneficios brutais a tres oligopolios intimamente ligados co seu Partido, dunha maneira ou doutra, ou nunha fase ou noutra, e ademais o que estamos vendo recentemente, refírome unha vez máis ao caso de Alcoa, é que a cambio temos os prezos máis altos case da Unión Europa. Polo tanto, realmente nin o fixeron vostedes ben desde a perspectiva de mantemento de emprego, nin tampouco a perspectiva de ter un servizo competitivo en prezo e en calidade. Entón, realmente, Sra. Aneiros, non lle podo permitir que cuestione que eu saiba cál é o meu lugar, o lugar que me corresponde nesta cuestión.

Por último, si por suposto apoiaremos a moción que se presenta a continuación, porque entendemos que no seu contido si existen outro tipo de cuestións que van máis encamiñadas a asegurar cuestións de fondo que teñen que ver, por exemplo, con asegurar unha transición ecolóxica desta empresa que todos estamos de acordo os compañeiros que o horizonte de 2030 está aí inamovible e hai que telo en conta. Graciñas.

Sr. Fernández Piñeiro

Por onde empezar? eu penso que a Sra. Aneiros ten un pequeno problema, e é que vén vostede co piloto automático, coa escopeta cargada, entón nin escoita, e deduzo polas súas verbas que tampouco le. Por que digo isto? porque di vostede que na miña primeira intervención escorrín o vulto, que é o que facemos habitualmente, claro, vostede é nova nesta Corporación, entón igual non me coñece, pero non son dos que escorre o vulto, nin son dos que cando ten que criticar as decisións que toma o seu Partido gobernando outras administracións, calar, non, non o acostumo facer, iso é máis dese lado da bancada, deste non, entre outras cousas porque di vostede que se non fora polo Partido Popular que presenta esta moción, hoxe non falariamos deste tema, claro, é que vostede non estaba na Corporación anterior e xa falamos hai meses deste tema, nunha moción presentada polo meu Grupo, polo tanto, ese tema xa se falou con anterioridade ao Partido Popular.

Segundo, nós presentamos tamén unha moción, como vostedes, e cando eu na miña intervención non falei da parte do Goberno do Estado e das súas responsabilidades, que vostede apuntou hai agora uns minutos, foi porque estamos falando da súa moción, e a súa moción non incluía as cuestións que teñen que ver coa Xunta de Galicia, e a súa intervención non falaba daquelas cuestións que teñen que ver coa Unión Europea, pero se le vostede a nosa moción, os puntos aos que fai referencia a súa sobre as obrigas do Goberno do Estado están incluídos, polo tanto, non escorremos vulto ningún, estámoslle reclamando ao Goberno do Estado o mesmo que reclaman vostedes, pero a maiores, como somos máis ambiciosos, e non facemos política seguidista de Partido, tamén lle reclamamos á Xunta de Galicia para que adopte medidas naquelas cuestións que son da súa competencia, cousa que casualmente o Partido Popular tan preocupado pola situación das térmicas e da nosa bisbarra, non fai.

Despois di vostede que se tiveramos intención de consensualo tiveramos presentado unha declaración institucional, que casualidade!, as dúas declaracións institucionais que acabamos de ler veñen de dúas mocións presentadas polo noso Grupo, sabe vostede por que se fixo declaración institucional?, a petición da voceira do seu. Igual que pediu para a moción de R, ou para a moción da violencia machista trasladalas como declaración institucional, puido ter pedido tamén para esta moción, e non o fixo. Polo tanto, claro, ver a palla no ollo alleo e non ver a viga no propio, que quere que lle diga. E que a diferenza entre vostede e eu, neste caso, sabe cal é?, e eu falo do noso Grupo, que nós, como dixen antes, non temos ningún inconveniente en criticar cando o Goberno do Estado, se equivoca, porque xa o fixemos, e demos xa mostras diso nesta Deputación, vostedes non o fan xamais coa Xunta de Galicia, esa é a diferenza. Por iso a nosa moción é moito máis completa, e por iso o que lle achaco a súa, estando de acordo, e menos mal que estamos de acordo, se chegamos a estar en desacordo, qué quere que lle diga!, pero o que lle achaco á súa é que naqueles aspectos nos que hai outras administracións, casualmente gobernadas polo Partido Popular ata agora, que teñan responsabilidades, non se fale, pero na nosa si se fala daquelas que ten responsabilidade o Goberno Socialista.

E reducir sinceramente a situación, falaba vostede tamén do tema do naval, de Ferrol, dese mantra do Partido Popular, pero ben, xa non vou entrar aí, e con ese contrato de varios miles de millóns de euros de fragatas para ese asteleiro, pero en todo caso, reducir como dixen antes na miña intervención, a problemática das térmicas a unha cuestión do Partido Socialista, réstalle a vostede puntos na defensa deste sector e desta problemática, e moitos, porque non é así, e poderiamos retrotraernos se quere moito máis alá, cando o Partido Popular decide privatizar Endesa e non manter nin sequera unha pequena participación estatal no capital da empresa, que si fai por exemplo Italia nas empresas dese sector, e outros países europeos. O Goberno do Sr. Aznar naquel momento decidiu vendelo todo e punto, a diferenza deses países con respecto ao noso é que o Estado ten certa capacidade de decisión nesas empresas. Polo tanto, asumamos todos que neste baile bailamos algúns con a máis guapa, outros coa máis fea, algúns cunha máis guapo, outro máis feo, pero que todos bailamos neste baile, e será moito máis honesto por parte de todos os que estamos aquí sentados, e seguro que os cidadáns fóra poderano asumir moito mellor e o valorarán moi positivamente, porque presentarse aquí como os defensores dos traballadores, dos transportistas, facendo unha referencia ao presidente que vaia a Madrid a algo máis do que fixo, cando é unha persoa que se caracteriza precisamente por deixarse a pel nese sector, recórdolle que foi a manifestarse a Madrid contra o Goberno Zapatero, do mesmo Partido. O día que a vexa vostede, a algún dos seus compañeiros, facendo o mesmo cun do Partido Popular na Xunta ou no Estado, sinceramente, alegrareime moitísimo. Moitas grazas.

Sra. Aneiros Barros

Quizais vostede non se acorda de que moitos alcaldes da comarca de Ferrolterra fomos manifestarnos publicamente a un Goberno gobernado polo Partido Popular en defensa do sector naval, ao mellor vostedes non o fixeron, pero nós si o fixemos, aínda que vostede veña aquí a dicir que nunca o fixemos, permítame que lle rectifique, Sr. portavoz do Partido Socialista.

Di vostede que eu son nova, efectivamente son nova aquí, pode ser que hai meses falaran deste tema, quizais non sexa necesaria esta moción, non sei se é o que vostede está dicindo. Quizais di que a situación de agora é igual que a de hai uns meses, cando vostedes puideron debater deste tema neste Pleno, quizais a pregunta é, se xa debateron neste Pleno deste tema, por que vostedes presentan novamente outra moción?, porque ao mellor a súa é mellor que a nosa.

Mire, eu simplemente o que citei é que nós trouxemos esta moción a este Pleno por unha preocupación evidente que temos, e que evidentemente o fixemos e presentamos esta moción en prazo, vostedes presentárona despois de que estivera convocado este Pleno, simplemente, o motivo coñéceno vostedes, non vou cuestionar que probablemente lles preocupe a situación porque afecta a toda a comarca, pero en todo caso a iniciativa trouxémola desde este Grupo provincial porque, insisto, preocúpanos e moito, porque estamos vivindo, en concreto eu son concelleira en Ferrol, e estamos vivindo alí como moitas familias están encerradas para sensibilizar a esta sociedade por un problema especialmente grave do que nos están pedindo solucións.

E mire, sei ler, sei ler, eu do que falei foi da súa intervención. A moción súa, a que vostedes presentaron xunto co BNG lina, pero na súa intervención practicamente se centrou en falar da Xunta e da Unión Europea e moi pouquiño do Goberno de Madrid, iso é o que dixen por se non me entendeu.

E mire, fala da solución da Xunta de Galicia, se aquí o que queremos é poñer fin a esta situación realmente dramática, as solucións que vostede lle formula á Xunta de Galicia eu vólvollas ler para que vexa que xa a lera anteriormente, pretenden que a Xunta de Galicia adopte mecanismos que levan en definitiva ao cambio de combustibles fósiles. Sabe que esta non é a solución para a central térmica das Pontes, sabe que esta é unha alternativa, pero non é a solución. Igualmente o segundo punto polo que requiren á Xunta de Galicia é un plan para a reactivación económica e social de Cerceda, evidentemente temos un problema en Cerceda, pero creo que isto tampouco é a solución para a problemática que estamos vivindo nas Pontes. Estas son as dúas solucións que vostede formula e esixe á Xunta de Galicia, que sabe que non son a solución á problemática que temos, pero en cambio desvían a atención nomeando á Xunta de Galicia. Eu se quere dígolle que a Xunta de Galicia, os distintos conselleiros, o de Economía, a de Infraestruturas, reuníronse, veñen reuníndose periodicamente cos sectores afectados, cos traballadores, cos sindicatos e cos transportistas, esa é a realidade, Sr. Fernández.

Eu simplemente pídolle, porque agora mesmo están vostedes, o seu Partido, gobernando en Madrid, que fagan o que teñan que facer para poñerlle fin a esta problemática, creo que non é moito pedir e creo que non se ten que condicionar nada máis que á aprobación dunha moción, senón a tomar medidas eficientes que poñan fin a todo isto.

Pola miña parte, nada máis, agradecer o apoio desta moción, e en fin, á Marea, qué máis vou dicir?, simplemente que supoño que os traballadores nalgún momento poderán escoitar a súa intervención e tomar nota. Non sei se a Marea de Ferrol fará o mesmo no Pleno de Ferrol se nalgún momento se debate esta moción, nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Brevemente, e a verdade sorpréndeme a súa capacidade para terxiversar e para dicir onde digo, digo, digo Diego, xa me pasou o outro día con vostede nun debate que tivemos na radio, que primeiro di unha cousa e despois di que o di non era iso, pero desgrazadamente están gravándonos, e hai videoacta e poderémolo comprobar máis adiante.

A solución para As Pontes non é a dos combustibles fósiles, precisamente a solución para As Pontes vén por aí, porque o carbón é finito, e o carbón ten unha data no que se vai acabar. Polo tanto, o que hai que facer é readaptar a planta, non ten por que ser agora, pero si durante este prazo, para que poida queimar outro tipo de combustibles e seguir funcionando, porque se nos centramos só no carbón, que parece ser que é o que di vostede, temos os días contados.

Sobre que isto se debate porque traen vostedes unha moción, é unha apreciación que fai vostede para colgarse unha medalla, que eu non comparto en absoluto, vostedes traen unha moción e nós traemos outra, e repito, na miña intervención non falei de responsabilidades do Goberno do Estado porque a miña moción aínda non se leu, cando chegue a miña moción, lerei todo o que teña que ler e direi todo o que teña que dicir. En todo caso o que estou facendo é deixar constancia de que vostedes na súa non falan doutras administracións que si teñen competencia na materia, nada máis, vostede é algo que toma como un ataque, cousa que non é así, e por iso dicía antes o tema de que vén en automático coa escopeta cargada, entón, dá igual o que se diga e o que se escriba, non digo que vostede non saiba ler, digamos outra manipulación do que eu dixen, que non foi tal, dixen que vostede non lía, porque se le a nosa moción verá que todo o que acaba de dicir, toda a súa argumentación, derrúbase, no que respecta a este Grupo provincial na Deputación Provincial da Coruña. Se quere vostede ter un debate con Pedro Sánchez ou co Grupo no Congreso dos Deputados, paréceme moi ben, pero aquí estamos onde estamos e estamos a falar do que estamos a falar. Polo tanto, rogaríalle primeiro que non diga unha cousa e despois diga que non a dixo, e segundo que non manipule o que dicimos os demais, porque a verdade dicir que "non sei se vostede pretende dicir que como xa se falou disto, non é importante falalo", mire, pero imos ver, se presentamos unha moción para falar do mesmo tema, pero aínda así, presentamos a moción, e vostede segue en automático dicindo que este tema non nos interesa, só lle interesa ao Partido Popular que é o máis preocupado por esta cuestión.

Repito, eu lamento que leve vostede a cuestión, ou esta problemática, cunha cuestión simplemente partidista e política, cando o que fixen foi un chamamento precisamente á unanimidade, e menos mal, xa digo e repito, que empecei dicindo que íamos apoiar a súa moción e que nos parecían ben os puntos, porque se chega a dicir que non, a que nos queda.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (12 do PP, 10 do PSOE e 4 do BNG)
Votan en contra: 1 deputado (Marea Atlántica)
Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

O Pleno, cos votos a favor do PP, PSOE e BNG, o voto en contra da Marea Atlántica e a abstención de Alternativa dos Veciños, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR RELATIVA Á CENTRAL TÉRMICA DAS PONTES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é sabido, a central térmica das Pontes é o maior grupo termoeléctrico con carbón de España, cunha potencia instalada de 1.400 megawatts, que da emprego directo a 700 persoas e xera un impacto económico na zona de 80 millóns de euros ao ano, a través da compra de bens, servizos e salarios. Desde marzo de 2018 a instalación está inmersa na adaptación á Directiva de Emisións Industriais da Unión Europea, comprometendo un investimento de 217 millóns de euros, para garantir unha alta eficiencia ambiental e cumprir máis aló dos requisitos desta norma comunitaria.

De feito, tras as obras, a central cumprirá cos valores BREF (mellores técnicas dispoñibles) aínda máis esixentes. A pesar de todo este esforzo, a realidade é que neste 2019 a central está a sufrir un importante deterioro na súa produción, como consecuencia dunha política enerxética desordenada por parte do Goberno de España que avoga polo abandono anticipado do carbón sen dar resposta ás consecuencias en termos de actividade económica e

emprego nos territorios afectados, nin en termos de garantías da subministración eléctrica a un prezo competitivo.

Os datos, son reveladores: en 2018 a central das Pontes produciu 8,0 TWh, consumindo 4,9 millóns de toneladas de carbón, sen embargo ata xuño deste ano a súa produción só ten chegado a 2,1 TWh tras dous meses de parálise case total de actividade.

Así pois, a última previsión de produción feita por Endesa para todo 2019 sitúase en 2,6 TWh, xunto a un consumo de carbón de 1,7 millóns de toneladas, fronte a una estimación inicial de 6,55 TWh e 2,9 millóns de toneladas. Esta paralización xa ten graves consecuencias entre o colectivo de preto de 200 transportistas que trasladan o carbón desde o porto exterior de Ferrol a esta central, os cales teñen serias dificultades para afrontar gastos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Provincial Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

ACORDO

Que o pleno da Deputación da Coruña inste ao Goberno do Estado para:

1º.- A supresión do céntimo verde para o carbón, ao igual que se ten realizado para outras tecnoloxías, como é o caso do gas, garantindo deste xeito a neutralidade tecnolóxica.

2º.- A adopción dun mecanismo de compensación de pagos por capacidade pola dispoñibilidade para cubrir a demanda en horas de punta do sistema eléctrico.

3º.- Establecer unha exención das medidas fiscais previstas na Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, ás centrais térmicas de carbón de importación que estean en proceso de adaptación á Directiva de Emisións Industriais.

4º.- Fixar unha retribución específica nos casos en que se estea utilizando, por exemplo, biomasa forestal para o funcionamento destas centrais térmicas.

5º.- Facilitar a participación da Xunta de Galicia na comisión que ten previsto avaliar a situación da central térmica das Pontes e dar solucións á situación de inactividade que está a sufrir a planta, con especial atención ao colectivo de transportistas do carbón."

(Abandona o salón o Sr. Fernández Mouriño)

II.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE MEDIDAS EN RELACIÓN COS DANOS PROVOCADOS POLO XABARIL

Sr. Fernández Piñeiro

Non sei se queren que dea lectura á moción, igual con ler os acordos, o que prefiran os señores deputados e deputadas, a min éme indiferente.

Pois se queren fago un pequeno resumo dos danos dos xabarís, xa saben vostedes que é un grave problema que afecta á nosa comunidade autónoma, a moitísimos concellos, que vai en aumento, que somos conscientes nesta Deputación, porque xa o temos falado noutras ocasións e a través doutras mocións presentadas na lexislatura pasada, e polo tanto, nesta nova lexislatura deixamos constancia da preocupación do noso Grupo, que sen lugar a dúbidas será compartida por outros Grupos, sobre esta problemática. Para iso presentamos

unha moción na que se propón a aprobación de seis acordos, dos que paso a dar lectura a continuación:

O primeiro, instar á Xunta de Galicia para que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna en Galicia para que a propia Xunta de Galicia asuma directamente as seguintes responsabilidades, que entendemos, son da súa competencia:

1.- Elaboración dun censo da poboación de xabaril en Galicia.
2.- Determinación da densidade máxima de xabarís que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.
3.- Determinación das medidas de control da poboación de xabarís.
4.- Determinación das medidas para o control dos danos na agricultura, apoiándose na execución destas nos TECOR e Sociedades de Caza.
5.- Pago das indemnizacións por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores e gandeiros tanto os profesionais, coma os de `a tempo parcial.
6.- Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.

E todo co obxectivo de harmonizar a coexistencia das poboacións do xabaril e a conservación desta especie cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria, e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegos, aos que unha proliferación desordenada desta especie pon en perigo.

Polo tanto, remítome ao que acabo de dicir antes da lectura dos acordos desta moción, e prefiro que interveñan vostedes se lles parece, se queren que debatamos algo, sei que hai dúas addendas propostas polo Partido Popular.

Sr. García Seoane

Dicir que estou de acordo con todas as medidas que se tomen coa situación que hai cos xabarís, á marxe da demagoxia porque agora hai tantos animalistas que é moito, aquí xa se defende o indefendible, entón o que non poden vir toda a fauna que temos nos bosques. Eu preguntaríame algún animalista que diría se os lobos se achegaran ás capitais, ou aos pobos onde vive a xente, porque de momento andan pola montaña, pero quería oír a algún animalista, a ver que dicía ao respecto.

Os xabarís están creando un dano tremendo, eu estou de acordo con esta moción, e hai que atacar esta situación, pero claro, esta moción eu para aprobala tería que poñerse tamén na moción indemnización neste caso aos concellos, eu non sei os de vostedes, o ano pasado nós pagamos 30.000 euros por reparación de parques públicos polas desfeitas dos porcos bravos, e polo tanto, se se crea un fondo ten que ser para os concellos. Non vale dicir, se foi a herba da pampa, veu para quedar, se foi a velutina, veu para quedars, a min non me valen esas contestacións, pois déame vostede o remedio para atacar isto. Agora os limoeiros, as laranxeiras, os castiñeiros, xa non vai quedar nada neste país, non vai quedar nada.

Polo tanto, neste caso, se eu esta moción a apoio totalmente, pero pido que se recolla que tamén aos concellos vítimas destes animais que están facendo un dano tremendo, nalgúns concellos ao mellor non lles importa, pero claro, nós temos un montón de parques, e temos parques con rego, agora non chove, o xabaril non bule onde está o chan duro, e o xabaril vai a onde hai rego, vai buscando miñocas, vai buscando raíces frescas, etc., etc., nós somos deses concellos que temos moita zona verde e somos vítimas totais deste tipo de animais, e hai xente que está protestando, uns din, non, hai que deixalos, pero hai outros pais que din, "que

fan vostedes, que están pasando agora mesmo pola urbanización, e eu non pode saír da miña casa?", agora que a xente ten tantos cans, animais tamén, din "é que eu non podo saír co meu can", quere dicir que hai unha situación grave, grave e que hai que atender, quen a ten que atender, quen ten as competencias, Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia ten que abordar este tema, eu xa digo, de acordo coa moción, pero pediríalle ao portavoz do PSOE, Bernardo, que poñades tamén a administración pública, concellos, para entendernos mellor.

Sr. Regueira Varela

Sr. García Seoane, entendo que está facendo vostede unha emenda in voce para que se lle teña en conta na moción, en todo caso ten que ser o Grupo propoñente que a acepte antes de votar.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, nós no punto quinto, non teriamos inconveniente en que se redacte desta forma "Pago das indemnizacións por danos causados por acción da fauna salvaxe no patrimonio público, de agricultores e gandeiros, tanto profesionais como os de tempo parcial". Non hai ningún inconveniente a ese respecto.

(Abandona o salón o Sr. Pequeño Castro)

Sra. Muíño Filgueiras

En relación a este tema queriamos sinalar que é unha situación que afecta sobre todo ás zonas rurais, e de xeito moi especial a gandeiros e tamén que son situacións que están pasando por moitas dificultades, e a poboación completamente descontrolada do porco bravo o que está ocasionando son perdas e tamén un perigo para a saúde pública xa que estes animais o que provocan é contaxios e incrementan aínda máis perdas e gastos aos que teñen que facer fronte.

Efectivamente, por parte do BNG, xa no Parlamento galego solicitar o desenvolvemento dun plan de xestión da poboación do xabaril é unha demanda que xa vén de longo, e parécenos importantísimo facer este censo para poder deseñar un plan de medidas que teñan que ver coa realidade e que poidan ser planificadas para ser eficaces. En relación aos danos aos concellos, aos bens públicos, non teriamos inconveniente, sempre e cando se garanta que a partida orzamentaria para os danos a produtores sexa suficiente, cando na actualidade non o é, entón aí queriamos introducir ese matiz.

Sra. Gallego Neira

Nós presentamos unha emenda á moción porque evidentemente a Xunta está facendo o seu traballo, o problema todo o mundo é consciente de que existe, ninguén o vai negar, a Xunta a primeira, pero que tamén a Deputación faga os seus deberes, que pode facer cousas, eu creo que non é nada disparatado.

A emenda di exactamente: "Instar á Deputación provincial para que, primeiro, realice labores de limpeza e control de maleza en toda a rede viaria da Deputación provincial para evitar zonas de encame do xabaril, priorizando os concellos da provincia onde hai máis afección por danos provocados polo xabaril e accidentes de tráfico provocados por este animal. E dous, colabore cos concellos da provincia da Coruña nas medidas preventivas de xestión da biomasa forestal e de control das zonas de maleza incontroladas que son idóneas para a cría e o asentamento dos xabarís, moitas veces próximas a vivendas e zonas de produción agrícola, así como zonas urbanas e periurbanas."

Sr. Fernández Piñeiro

Empezando pola última, que a Deputación colabore cos concellos, saben vostedes que o levamos dicindo ao longo da pasada lexislatura, e nesta tamén, temos un Plan único que permite aos concellos dedicar os fondos dentro das súas necesidades e nas que eles consideren oportunas, para calquera cuestión que afecte ao seu concello, entre eles tamén podería estar incluída esta, falarei tamén de que recentemente se vai sacar un Plan de medioambiente no que tamén se podería adoptar algunha medida que estivera relacionada polo menos con esta cuestión, e que practicamente ningún concello o fixo, pero en todo caso entendemos que é un pouco redundante porque repito, a Deputación xa ten establecidos canles de colaboración cos concellos a través dos cales poden dispoñer de fondos para dedicalos a loitar contra esta problemática. En todo caso, se houbera que darlle unha volta ao Plan único para ver de concretar un pouquiño máis esas posibilidades, non teriamos ningún inconveniente en estudalos.

Sobre os labores de limpeza e control da maleza da rede da Deputación, xa se fai, sabemos que hai un Plan de limpeza, anteriormente, hai dúas lexislaturas facíase unha ao ano, agora fanse dous ao ano, o que non sei é se esta proposta ten algún respaldo de carácter técnico porque si que nos chama un pouco a atención "realice labores de limpeza e control de maleza en toda a rede viaria da Deputación provincial para evitar zonas de encame do xabaril, priorizando os concellos da provincia onde hai máis afección", sinceramente penso que a maleza non é un dos impedimentos para o xabaril, polo feito de que vive no medio no que vive que, por sorte ou por desgraza, a maleza abunda e en cantidade, polo tanto, non acabamos de entender moi ben esta proposta, e non as incluiríamos na nosa moción, a segunda, máis que nada, porque é redundante, e repito, xa temos establecido esa canle de colaboración, e a primeira porque non lle vemos moito sentido, e non vemos que estea apoiada de ningunha maneira cun informe técnico ou algo que poida acreditar que, efectivamente, iso puidera axudar, cousa que eu, sinceramente, non acabo de ver.

Sra. Gallego Neira

Redundante, eu creo que, vostede mesmo dixo que é unha situación de emerxencia, que á grave, que preocupa a todos os concellos, que é verdade, de feito presentaron unha moción o ano pasado, co BNG paréceme, conxunta, ou sexa, que débelles preguntar bastante. Redundante, que realicen os labores de limpeza e, no mes de agosto dicían que levaban o 60% en plena vaga de incendios. Si que está baseado en criterios técnicos, porque nos informamos, o punto un, si que está baseado en criterios técnicos. E logo, eu creo que o que abunda non dana, que se acostuma dicir, non lle vexo o sentido, simplemente é que non queren facer os deberes da Deputación. Redundante é instar á Xunta a realizar o traballo que está facendo, que é un tema complicado, si, sábeo todo o mundo, pero eu creo que é que non saben nin de que están a falar, paréceme que están un pouco perdidos, eu non sei o argumento que vostede ten, e se sabe o que está facendo a Xunta. Eu se quere leo porque tamén me informei e pedín o argumentario, e temos clarísimo como está traballando a Xunta, en tema normativo, en tema de relación con cazadores, con distintas administracións, con entidades, estase traballando, se quere seguimos o debate, e que é un tema complicado sábeo todo o mundo, puxéronse un montón de medidas, e van seguir poñéndose, se vostedes non queren que a Deputación se implique, dígano claramente.

Sr. Regueira Varela

Simplemente por enriquecer o debate antes de votar, evidentemente no POS+ os concellos poden investir o cen por cento do POS, a parte do POS que é de libre investimento, no control e a limpeza de montes, pero que a Deputación da Coruña, á parte do plan de limpeza das estradas provinciais e dun cuantioso plan de conservación de estradas, a min gustaríame recordar unha cuestión que non é menor, máis alá das súas competencias,

subvencionamos os Grupos de emerxencia supramunicipal, os famosos Ges, que teñen dentro dos seus cometidos principais a prevención dos lumes e, polo tanto, a limpeza das masas forestais, e se está o interventor ao meu lado, que non sei exactamente a subvención que pode ser, pero uns 75.000 euros cada GES máis ou menos, moito máis alá do que esta Deputación debería facer. Polo tanto, si que estamos sendo proactivos na medida de control de incendios e de prevención de incendios e, polo tanto, tamén de control de maleza nos montes, iso xa o estamos pagando a día de hoxe.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente, nós non dixemos na moción que a Xunta non faga nada, o que dixemos é que á vista da problemática non é suficiente, polo tanto, o que solicitamos é que se melloren esas medidas que se están a adoptar, vai nesa liña esa moción, non é dicir que a Xunta non faga nada.

E sobre que a Deputación escorre o vulto non hai vulto que escorrer porque a Deputación non ten competencia nesta materia, é que ese é o quid da cuestión, non é que esteamos en contra do que vostede formula, senón que non é competencia desta administración. O que non podemos facer é estar constantemente cando se presentan mocións que falan de competencias da Xunta de Galicia, asimilar a Deputación, a Deputación non é unha Xunta en pequeno, a Deputación ten unhas competencias, que son as que son, en materia sobre todo de política local, e a Xunta ten outras, e as competencias en materia de medio ambiente son da Xunta de Galicia, non da Deputación Provincial da Coruña. Outra cousa é que a Deputación Provincial da Coruña, a través das axudas que presta aos concellos, estes decidan dedicalas ao saneamento, abastecemento ou outras cuestións que están relacionadas co medio ambiente, ou incluso como ben dicía o sr. Vicepresidente, á limpeza se queren de montes, pero as competencias da Deputación son as que son. Por tanto, aí non é de escorrer nada, é unha cuestión de que a Xunta ten as que ten, e nós temos as que temos, do mesmo modo que nós podemos presentar unha moción aquí solicitando que para a estrada provincial 4803, como transitan todos os galegos por ela, que a Xunta de Galicia nos axude a aglomerala, pois non, porque a Deputación é a propietaria desa estrada, e é competencia nosa en exclusiva. Na cuestión do medioambiente, outro tanto, nós non temos competencias nesa materia, polo tanto, a Deputación o que fai é facilitar que os concellos poidan, dentro das súas competencias, que tamén son as que son, e sobre iso poderiamos debater longo e tendido, e sobre esa manía, se se pode dicir así, que ten a Xunta de Galicia, de que os demais teñamos que asumir competencias que non temos e aínda enriba poñer cartos, e diso xa falamos nalgún Pleno no pasado, pero ao César o que é do César.

Sra. Gallego Neira

É que na moción non están dicindo que a Xunta estea facendo algo, di "Instar á Xunta para que impulse a modificación do marco legal... e que a Xunta de Galicia asuma directamente as seguintes responsabilidades", e enumeran ata seis, que xa están asumindo, diga que mellore os medios, o que sexa, pero o que está dicindo é que asuma unhas responsabilidades que a Xunta xa está asumindo, e da Deputación tamén é responsabilidade asumir a axuda aos concellos, para iso está, pódese facer un plan específico, dentro do POS, para a axuda aos danos do xabaril, por exemplo, quero dicir, que é que o POS é un caixón de xastre, que xa o falamos moitas veces, e que ao mellor neses vinte e dous millóns que deron de baixa, que non sabemos de que nin para que, si podían meter unhas axudas para colaborar con este asunto, que tanto lles preocupa porque é a segunda moción nun ano.

Sr. Regueira Varela

Sra. Gallego, nós non o damos de baixa, dános de baixa os concellos, son remanentes, pero é que son maioritariamente os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular da

provincia as que deciden a que destinan eses fondos, non somos nós, é dicir, tanto os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular, como os do PSOE, como os do BNG, como os de Alternativa dos Veciños, ou como a de calquera forza política, deciden democraticamente a que destinan os fondos. Se a preocupación do Partido Popular prioritaria é a limpeza, poden limpar ata 700.000 euros se queren, pero a realidade son que os utilizan maioritariamente para o que os utilizamos todos, tampouco imos facer aquí sangue de ninguén.

Iso eu creo que no seu momento foron os alcaldes e alcaldesas de toda a provincia, incluíndo o Partido Popular, quen decidiron querer decidir a que destinan os fondos, e iso é tratar as administracións locais como o que son, administracións con maioría de idade democrática, que poden decidir en que invisten o fondo provincial. Eu creo que o debate está dado, e enténdese perfectamente tanto a postura do Partido Popular, como a postura do PSOE, polo tanto, proponse que se vote.

Sra. Gallego Neira

Retiroume a palabra para falar outra vez do modificativo. Refírome que non é que se estea dicindo que se dean máis axudas, estase dicindo que asuma esa responsabilidade que a Xunta xa está asumindo, cambien a redacción en todo caso, pero así tal e como está non podemos votala a favor, obviamente.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (11 do PP e 1 do PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votacion- art. 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE MEDIDAS EN RELACIÓN COS DANOS PROVOCADOS POLO XABARIL

Exposición de motivos

Os danos do xabaril constitúen a día de hoxe un grave problema en Galicia. As poboacións destes animais causan danos na agricultura que o sindicato Unións Agrarias ten estimado nun informe técnico en preto de 15 millóns de euros ao ano. Asemade, os responsables de Tráfico e da Garda Civil informan dunha media, nos últimos anos, duns 1.100 accidentes de tráfico cada ano vencellados á irrupción do xabaril nas estradas galegas.

Engadamos a estes efectos negativos o problema que supón esta especie sobre os ecosistemas de zonas protexidas e espazos naturais, onde o seu control está restrinxido e predan sobre a fauna protexida. Tamén o seu acercamento ás ciudades co perigo certo que supoñen para as persoas ás que poden atacar con consecuencias imprevisibles, como ven de pasar en Ponteareas recentemente.

Por último, a ameaza que supón o achegamento a Galicia da peste porcina africana, e a ameaza directa que supón para os centos de familias que dependen no rural do sector porcino, sector que desaparecería por unha mala xestión das poboacións do xabaril, o seu principal vector de contaxio.

As fórmulas para controlar as poboacións de xabaril a través da caza, de previr todos os seus danos, e de pagalos a quen os está a sufrir, son a día de hoxe insuficientes, porque lonxe de poñer o problema baixo control, aumenta cada ano.

Asemade o actual marco legal da caza en Galicia, deixa un simple papel de cómodo observador á Xunta de Galicia, quen delegou toda a responsabilidade e todo o traballo de control das poboacións de xabaril, e mesmo do pago dos danos, aos TECOR e Sociedades de Caza do rural, que carecen dos recursos e dos medios para afrontar estas responsabilidades.

Por todo isto, o Grupo Provincial Socialista fai a seguinte

Proposta de Acordo

"Instar á Xunta de Galicia para que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna en Galicia para que a propia Xunta de Galicia asuma directamente as seguintes responsabilidades:

1.- Elaboración dun censo da poboación de xabaril en Galicia.
2.- Determinación da densidade máxima de xabarís que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermedades de transmisión animal á cabana gandeira.
3.- Determinación das medidas de control da poboación de xabarís.
4.- Determinación das medidas para o control dos danos na agricultura, apoiándose na execución das mesmas nos TECOR e Sociedades de Caza.
5.- Pago das indemnizacións por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio público, de agricultores e gandeiros tanto os profesionais, coma os de `a tempo parcial.
6.- Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado económicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.
E todo co obxectivo de harmonizar a coexistencia das poboacións do xabaril e a conservación desta especie cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria, e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegos, aos que unha proliferación desordenada desta especie pon en perigo."

III.Moción do Grupo Provincial do BNG e do Grupo Provincial Socialista de apoio ás traballadoras e traballadores das empresas auxiliares de R Cable

Apróbase por unanimidade, a retirada da moción.

IV.Moción do Grupo Provincial do BNG e do Grupo Provincial Socialista de apoio á campaña EmerxenciaFeminista e da acción prevista para o 20 de setembro

Apróbase por unanimidade a retirada da moción

Sr. Regueira Varela

Hai unha moción presentada fóra da orde do día polo Grupo Provincial da Marea Atlántica sobre a elevada taxa de sinistralidade laboral na provincia da Coruña.

V.Moción da Marea Atlántica sobre a elevada taxa de sinistralidade laboral na provincia da Coruña

Procédese a votar a urxencia da moción:

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 10 deputados

Sr. Lema Suárez

Dicir que nós estamos a favor de debater todos os asuntos que se traian a este Pleno, non nos absteriamos fose cal fose o seu contido, é unha cuestión democrática de dar a oportunidade de falar a aqueles que propoñen a este Pleno as cuestións que sexa a debate.

Foi presentada esta moción o mércores ás 12, entendo que fóra de prazo, non tiñamos aínda constancia de cando remataba, polo cal pedimos desculpas aos compañeiros do Pleno por non ter accedido a ela polas canles normais, entendemos que a partir de agora trataremos de adaptarnos mellor ao disposto no ROF.

Como vostedes saben estamos agora mesmo padecendo, a partir do coñecemento do informe semestral elaborado polo Ministerio de Traballo, coñecemos as cifras de sinistralidade para o primeiro semestre do presente ano de Galicia. As cifras son moi alarmantes, ademais empezo a miña moción relacionando isto tamén cun accidente laboral acontecido no Concello da Coruña, tamén neste verán, co resultado de morte, porque cadra, non é unha cuestión escatolóxica, nin oportunista, senón porque cadra un pouco tamén a coincidencia deste feito co coñecemento, coa publicación do informe referido do Ministerio de Traballo.

O Ministerio de Traballo no seu informe coloca a Galicia nunha situación realmente moi preocupante en canto ao índice de sinistralidade laboral, estamos falando do índice de sinistralidade laboral máis alto do Estado, un 0,403 por cento, por cada 100.000 euros, o máis alto, insisto, de todo o Estado. Para que se fagan unha idea con datos máis concretos, en Galicia houbo neste primeiro semestre 24 persoas que sufriron accidente laboral con resultado de morte, mentres que no mesmo período, Madrid sufriu 19, Valencia 22, e Aragón 7, estamos falando realmente dunhas magnitudes moi, moi altas, e que son moi preocupantes.

Está claro que entre as causas desta altísima sinistralidade, acudindo aos propios informes sobre os sindicatos ao respecto, están os efectos da reforma laboral do ano 2012, que precarizou moitísimo o mercado laboral no seu conxunto, e entre outros aspectos tamén, por suposto, a supresión do convenio colectivo citado antes, agora os compañeiros e compañeiras do Partido Popular tamén terán ocasión de amosar se neste aspecto tamén está do lado dos traballadores, ou de lado tal vez da outra parte, porque creo que hai certo consenso sobre que este decreto do ano 2012 desde logo non foi consensuado exactamente coas principais centrais sindicais.

Exposto todo o seguinte, entendemos que no caso galego, dada a morfoloxía do noso mercado laboral, cunha abundancia de PEMES e de micro PEMES, co cal tal vez con menos aínda, menos capacidade para investir en cuestións de seguridade e prevención de riscos no traballo, entendemos que hai que esixir aínda das administracións competentes un maior risco. Pasando, por tanto, á parte resolutiva da moción, propoñemos o seguinte: punto 1, o goberno do estado, a derrogación da Reforma laboral do ano 2012; punto segundo, ao servizo de Inspección do Traballo e Seguridade Social, dependente do Ministerio do Traballo, Migracións e Seguridade Social, a que reforce o seu servizo de inspección do traballo en Galicia, sobre todo no que atinxe á materia de seguridade no traballo.

Por último, punto terceiro, ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a que incremente o seu investimento en materia de formación en prevención de riscos. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Vou comezar polo principio, primeiro lamentar un accidente que houbo en Novo Mesoiro concretamente, pola caída dunha andamiaxe, e desde aquí aproveitar para mandar as condolencias e apoio á familia, e desde logo non facer demagoxia cunha morte que hai na cidade, que se estarán investigando as causas e que é o que pasou, e por que sucedeu, e iso non se pode unir a un aumento da sinistralidade en Galicia, por culpa da Xunta basicamente e a reforma laboral, a Marea sempre fai esas mesturas, ben, a súa maneira.

A Xunta ten compromiso coa prevención e seguridade laboral e é unha prioridade para ela. Non vou ler todo o que fai, pero si voulle facer un resumo, e que por exemplo anualmente convócanse axudas por máis de 1,4 millóns de euros para organizar actividades de fomento en prevención de riscos laborais, dirixidas a asociacións empresariais, precisamente esas pequenas e medianas empresas das que vostede fala e organizacións sindicais para esta materia.

Entre xaneiro e agosto no ámbito da inspección realizáronse 18.700 actuacións en materia de seguridade e saúde laboral, a realidade é que a sinistralidade laboral en Galicia reduciuse, e estou falando de datos, do ISGA, a realidade é que a sinistralidade laboral en Galicia reduciuse un 40% en dez anos, ao pasar de 50.393 accidentes en 2008 a 27.941 en 2018. A caída obsérvase tamén no índice de incidente que compara o número de accidentes por cada 100.000 persoas afiliadas, facendo posible unha comparación equitativa que vostede non fixo, de feito en 2008 rexistráronse 5.797 accidentes por cada 100.000 traballadores, e en 2018 foron 3.368. Son datos complicados, porque hai que saber da materia para entender exactamente como se calculan, pero son reais. E voulle dicir unha cousa, en 2018, case a metade dos accidentes de traballo, con persoas falecidas debéronse a infartos, a derrames, a outras patoloxías non traumáticas, e a accidentes de tráfico durante a xornada laboral, que habería que distinguir cales son debidos á falta de inspección e cales son debidos a outro tipo de causas.

O que si lle vou dicir é que vostede foi concelleiro de emprego da cidade da Coruña ata hai nada, e A Coruña foi a cidade que peores datos de emprego tivo nestes anos, e tamén voulle dicir unha cousa, que para poder facer a reforma laboral que é competencia do Parlamento, obviamente, do Congreso dos Deputados e das Cortes Xerais, fale co seu xefe de filas, co Sr. Sánchez, co Sr. Iglesias, é que xa como están mesturados uns e outros, e que vote ao Sr. Sánchez e non nos leven a novas eleccións. Por certo, a última reforma laboral foi de decembro de 2018 e foi votada polo Partido Socialista e por Podemos, non é a de 2012, puideron aproveitar a ocasión para cambiar o que vostedes considerasen. Nada máis pola miña parte, moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Unha pequena quenda de réplica, entón entendo, inferindo a partir do discurso da Sra. Gallego, que os obreiros galegos teñen máis tendencia aos infartos no traballo, algo así, é algo casual, é algo digamos que non ten causas, caemos das andamiaxes máis, ou terá razóns de que non se inviste o suficiente en cuestións de seguridade. E isto non é o sensacionalismo, sensacionalismo, Sra. Gallego, foi cando vostede acusou ao alcalde da Coruña do aumento de violacións na cidade, iso si que era bastante sensacionalista. Eu estou dicindo que aquí hai uns datos que acabamos de coñecer, procedentes do Ministerio que indican que hai unha alarmante diferenza no índice de sinistralidade laboral galego respecto do resto do Estado, e que as administracións competentes son as que son, e poden reforzar ou non, os seus servizos neste aspecto. Se vostede me está dicindo que temos maior tendencia os galegos a sufrir infartos no traballo, a sufrir accidentes de camiño cara ao traballo, eu non tendo a crer

neses digamos argumentos xenéticos, tendo a ser máis materialista, e penso que debe de suceder algo que non se fai ben e que se pode facer doutro xeito.

Sra. Gallego Neira

Eu simplemente lle digo que mire as estatísticas como hai que velas, que mire os datos e o desagregamento, que mire os motivos, e que xa está, cando faga ese traballo, logo nolo conta. Grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (9 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: 11 deputados (PP)
Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DA MAREA ATLÁNTICA SOBRE A ELEVADA TAXA DE SINISTRALIDADE LABORAL NA PROVINCIA DA CORUÑA

O pasado tres de setembro resultaba morto o veciño de Carballo de 43 anos, Roberto Carlos Trigo Lema, a consecuencia das feridas recibidas polo derrubamento da plataforma na que traballaba nunha obra en Novo Mesoiro. No mesmo accidente, resultou ferido de gravidade o seu curmán, de 33 anos, Rodrigo Trigo Mourelle.

Pouco tempo despois, neste mesmo mes de setembro, coñeciamos o avance do informe do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social sobre accidentes de traballo correspondente ao primeiro trimestre do presente ano. Segundo os datos coñecidos grazas ao devandito informe, Galicia é a comunidade do estado español co índice máis alto de accidentes por cada 100 mil traballadores, cunha taxa do 0.403 durante o primeiro trimestre do presente ano, unha cifra que duplica a media estatal de 0.207.

Galicia é tamén a terceira comunidade que rexistrou máis accidentes durante ese mesmo período cun total de 262, dos cales 238 foron cualificados como graves, un 6.25 máis, e 24 mortais, un 26.5% máis. Para ilustrar o alcance desta traxedia cotiá e silenciada que padecemos os galegos e galegas cada día no noso entorno laboral, abonda citar a seguinte mostra ilustrativa: nos seis primeiros meses do ano resultaron mortas en accidentes laborais 24 persoas en Galicia, mentres que, no mesmo período, rexistrábanse 19 accidentes laborais mortais en Madrid, 22 en Valencia e 7 en Aragón.

No que atinxe aos datos desglosados por provincia, A Coruña encabeza a estatística relativa de sinistros laborais de Galicia e, por tanto, tamén do estado, con 6.404 accidentes rexistrados nos seis primeiros meses de 2019, dos cales 108 foron cualificados como graves e 6 tiveron resultado de morte, o que amosa un aumento do 6.6% no primeiro semestre do 2019.

Segundo os informes das principais centrais sindicais, a sinistralidade laboral incrementouse aínda máis no estado español a partir da Reforma laboral do Partido Popular do ano 2012, a cal supuxo unha maior precarización do mercado laboral, coa desaparición de figuras xurídicas que garantían certo equilibrio na correlación de forzas entre o capital e o traballo como era a do convenio colectivo.

En Galicia, esta situación vese agravada pola morfoloxía do noso ecosistema empresarial, con abundancia de PEMEs e microPEMEs e un tamaño medio das nosas empresas comparativamente inferior á media estatal, o cal repercute de xeito directo nunha maior desprotección en materia de seguridade laboral da plantilla, ao non estaren obrigadas estas empresas, en razón do seu tamaño, a contar cun delegado de persoal.

É evidente, ademais, que existe unha relación directa entre inspección laboral, formación en materia de prevención de riscos e dotación de recursos para esta finalidade e a elevada taxa de sinistralidade laboral do noso país.

Por todo o anterior, a Deputación da Coruña insta

1 Ao goberno do estado, a derrogación da Reforma laboral do ano 2012.

2 Ao servizo de Inspección do Traballo e Seguridade Social, dependente do Ministerio do Traballo, Migracións e Seguridade Social, a que reforce o seu servizo de inspección do traballo en Galicia, sobre todo no que atinxe á materia de seguridade no traballo.

3 Ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a que incremente o seu investimento en materia de formación en prevención de riscos.

Sr. Regueira Varela

Había unha moción presentada fóra da orde do día polo Grupo Provincial Marea Atlántica que entendemos que queda retirada, que era a do mantemento dos postos de traballo da empresa R, e hai unha moción fóra da orde do día que xa está debatida, que hai que votar primeiro a súa urxencia para a inclusión na orde do día e logo votaremos a moción, que era a moción sobre medidas a adoptar pola Unión Europea, o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia en relación coa central das térmicas das Pontes e Cerceda. O debate está dado, procedemos primeiro a votación da urxencia.

VI.MOCIÓN QUE PRESENTAN OS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSDG-PSOE E DO BNG SOBRE MEDIDAS A ADOPTAR POLA UNIÓN EUROPEA, O GOBERNO DO ESTADO E A XUNTA DE GALICIA EN RELACIÓN COAS CENTRAIS TÉRMICAS DAS PONTES E CERCEDA

Apróbase a urxencia por unanimidade, e tamén por unanimidade o Pleno aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN QUE PRESENTAN OS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSDG-PSOE E DO BNG SOBRE MEDIDAS A ADOPTAR POLA UNIÓN EUROPEA, O GOBERNO DO ESTADO E A XUNTA DE GALICIA EN RELACIÓN COAS CENTRAIS TÉRMICAS DAS PONTES E CERCEDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No proceso iniciado por Europa para a prevención e control da contaminación, o 24 de novembro do ano 2010, publícase no Diario Oficial da Unión Europea a Directiva 2010/75/UE, sobre as emisións industriais (en adiante, DEI), na que se estabelecen os criterios sobre os que deben asentarse todas as industrias emisoras de gases de efecto invernadoiro.

Diante dese contexto normativo adóptanse dúas posición diferentes por parte das empresas titulares das centrais térmicas de Meirama e As Pontes:

Por unha banda, NATURGY, propietaria da central térmica de Meirama, opta polo peche, o que anuncia en xaneiro deste ano.

Pola outra, ENEL, titular da central térmica de As Pontes, informa en marzo de 2018 da súa decisión de manter a actividade na dita central mais aló de 2020, e fai saber a súa intención de adaptar a Unidade de Produción Térmica (en adiante UPT) de As Pontes á DEI, garantindo así, cun investimento de 220M€, a continuidade dun complexo que leva máis de 40 anos sendo un dos motores económicos máis importantes de Galicia, mantendo centos de postos de traballo directos e indirectos, e actuando como un dos piares fundamentais do progreso socioeconómico da contorna.

O prezo dos dereitos de emisión de CO2 que se estabelecen na DEI, son regulados nun mercado de negociación que nace do primeiro réxime de comercialización de dereitos de emisións do mundo, posto en marcha pola Comisión Europea, no ano 2005. Un mercado aberto que permite e facilita a especulación, o que supuxo que durante o último ano, o valor da tonelada de CO2 se triplicase, anulando deste xeito a competitividade das centrais térmicas nacionais, deixandoas fora do pool eléctrico peninsular.

Esta situación reverte as expectativas xeradas pola inversión que se está a realizar nas UPT adaptadas a DEI, que as ía permitir operar ata o ano 2045, creando unha situación de incerteza sobre a viabilidade e o futuro destas instalacións a curto e medio prazo.

Polo exposto, os grupos políticos asinantes desta moción solicitan ó Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo:

1. Requirir da Xunta de Galicia a adopción dos mecanismos precisos para apoiar e facilitar a transición da central Térmica de As Pontes, coa finalidade de que a mesma cumpra cos requisitos necesarios para formar parte do circuíto de economía circular, a través do cambio de combustibles fósiles, por calquera tipo de materiais de residuo (dende biomasa forestal, lodos, etc.), compensando deste xeito as emisións de CO2.

2. Requirir á Xunta de Galicia para que, seguindo o modelo de actuación, por exemplo, da Comunidade Autónoma de Aragón para as comarcas mineiras, elabore e dote economicamente un plan para a reactivación económica e social de Cerceda que minimice o impacto do peche da central térmica decidido por NATURGY e impulse e xenere un entorno favorable para novos investimentos.

3. Solicitar ó Goberno do Estado a retirada, de xeito transitorio, do imposto de hidrocarburos á produción eléctrica ("céntimo verde") respecto da xeración de carbón, para garantir por esta vía a neutralidade tecnolóxica.

4. Solicitar ó Goberno do Estado a creación dunha mesa de traballo para o estudo de mecanismos de compensación de pagos por capacidade pola dispoñibilidade para cubrir a demanda nas horas de maior consumo do sistema eléctrico.

5. Solicitar á Unión Europea que adopte cantas medidas sexan precisas para evitar especulacións no mercado de emisións de CO2 por parte de inversores alleos á produción enerxética.

6. Solicitar á Unión Europea que adopte as medidas necesarias para que as centrais térmicas que, como a de As Pontes, cumpren coa normativa medioambiental mais esixente, poidan continuar coa produción de enerxía eléctrica."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Lema Suárez

Se me permite o Sr. Presidente, a pregunta é en que estado se atopa o proxecto da reforma do trazado vial DP 3504, no primeiro punto quilométrico, entre as parroquias da Pedreira e Maniños, do Concello de Mugardos, pois a reforma anunciouse no ano 2017.

Sr. Fernández Piñeiro

Dou lectura da información que nos facilitaron no Servizo no que, en todo caso, tamén poderá vostede acudir, e falar cos técnicos se ten algunha dúbida, ou se non llas aclaro eu coa lectura desta información que nos facilitaron.

Nas reunións mantidas co Concello de Mugardos, este tiña solicitado a mellora da estrada provincial DP 3504, Pedreira a Maniños, xa que existía a posibilidade de obtención da disposición dos terreos por parte do Concello para levar esa mellora. Para iso a Deputación comprometeuse a deseñar a mellora da estrada, co obxecto de lograr a ampliación da calzada e creación dunha senda para o tráfico peonil, e indicar ao concello cales eran os terreos necesarios para realizar esa mellora, é dicir, os terreos que o Concello debía de poñer a disposición da Deputación para poder executar ese proxecto. Para iso o Servizo de Vías e Obras redactou un proxecto do trazado, onde se recolle o deseño das obras, a identificación dos bens, as parcelas a ocupar e a identificación dos seus titulares, os ditos terreos foron indicados ao Concello para que verificara a súa posibilidade de obtención de cara a executar as obras proxectadas, e o Concello contestou que podería poñer a disposición todas as parcelas a excepción dunha.

Ante esta resposta en outubro de 2018 contéstase por un correo electrónico ao Concello que era necesaria a ocupación desa parcela para poder levar a cabo as actuacións. A día de hoxe o proxecto de trazado está redactado, quedando pendente soamente a forma de obtención deses terreos, é dicir, que o Concello de Mugardos nos diga se vai ser a través de posta a disposición, ou ben a través da expropiación de todas ou dalgunha das parcelas afectadas para a redacción do proxecto.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás catorce horas e vinte e cinco minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcrición, do cal, eu, o Secretario, dou fe.